A VOZ DE Lenda

15 aniversario

XUÑO 2014 Nº 28

EDITORIAL

"Quince anos ten o meu amor" Así dicía a canción do Dúo Dinámico; como grupo dinámico que estamos a escribir esta editorial chea dos sentimentos de todos os que formamos "A Voz de Lenda", onde somos moito mais de corenta compañeiros. Como os corenta ladróns dirixidos por Alí Baba como xefe supremo que é a enfermidade mental. Corenta ladróns que intentamos roubarvos o voso corazón para que entendades a nosa complexidade humana, social e laboral.

Quince anos de tristuras pero tamén de alegrías, quince anos de alegrías pero tamén de tristuras, que nos fan aguantar a carga da nosa problemática.

A través da nosa publicación seguimos empeñados en que coñezades a nosa realidade, as ideas, os pensamentos ou os tropezos e acertos que nos acompañan a diario.

Queremos comunicar!!!

Queremos mostrarnos tal como sentimos, gozamos, nos emocionamos, padecemos, sufrimos, cantamos. Abrirnos ao mundo que nos rodea, ser un mais. Converternos en vós e conseguir que vós vos convertades en nós.

A través desta voz unánime queremos explotar ás nosas formas para expresar as inquietudes diarias, que son moitas, e así mesmo poñer ao alcance de todo o mundo a nosa achega á sociedade en xeral, tratando temas de actualidade que ás veces, por incrible que pareza, son cuestións tabús hoxe en dia.

Quince anos ten o noso voceiro que nunca estivo mudo. Hoxe queremos colgarnos unha medalla de "quince anos de servizo" editando o noso voceiro "A Voz de Lenda". Non é unha revista exclusiva para os familiares ou amigos. Non é "a ver se me entendes" ou "pásame isto". Non é unha voz no medio de moitas mais. É unha formulación para manter a nosa identidade, tanto á hora de facela coma á hora en que vós a leades.

É a nosa voz, tamén a vosa.

Así que de parte de todos os que formamos Lenda vos dicimos:

Quince anos ten o meu amor!!!

Querémosvos agora e sempre!!!

Nº 28 XUÑO DE 2014

O EQUIPO REDACTOR:

Ada; Alberto Lago; Alfonso C.; Jose Angel; María Prol; Quino; Antonio S.; Javier; Sara; Xan; Ana Nieto; Benjamín; Brais; David Blanco; Elisa; J. L. Ezama; Juan; Lois Misa; Manuel Glez.; Merche; Patricia; Tomm; Jaime; Yolanda; Xaquín Vidal.

COLABORADORES:

Manolo Tomé; Carlos Torrado; Manuel E. Suárez; Gabriel.

DESEÑO GRÁFICO E COMPOSICIÓN:

Merche Pazos; Elisa; Xaquín Vidal.

PUBLICIDADE:

Ezama, David.

6 DE XUÑO DE 2014

A VOZ DE LENDA.

15 ANIVERSARIO

PREZO 3€



EDITORIAL

Como podedes ver en Lenda xa temos voceiro. Dende A Voz de Lenda querémoste falar de certas cousas que dificilmente atoparás nos periódicos. Como ben sabes, Lenda é un centro para a rehabilitación de xente moza, que sufrimos ou aínda padecemos trastornos psíquicos. E para rehabilitarnos temos de reaprender a vivir no mundo. Todas e todos, vos e nos, incluso as/os que estades ben de saúde, temos algo do que rehabilitarnos. Pola nosa parte, rehabilitámonos dalgunhas habilidades que perdemos polos nosos problemas psicolóxicos e gustaríanos que todas as mulleres e homes do mundo se rehabilitaran tamén das habilidades que perderon polas doenzas que produce a cordura: a ambición de diñeiro, a falta de solidariedade, o fascismo, o machismo, o narcotráfico, a violencia e abusos machistas contra as mulleres, os malos tratos e crimes de nenas/os, a corrupción e o lucro impune dos poderosos, as mentiras legais dos políticos, as desigualdades sociais, ...

Pero non pretendemos ser a consciencia de ninguén. Somos só, persoas que queremos ser mellores, mulleres e homes, mellores cidadáns. E todo iso, supón para nós un esforzo grande pois a veces a nosa enfermidade impídenos facer as cousas que necesitaríamos. Non queremos permanecer máis tempo ao marxe da sociedade, nin transformarnos nuns cidadáns aparte, con distinto carné de identidade persoal e colectivo. O único que queremos é poder camiñar polas rúas sen que ninguén nos sinale co dedo, e poder demostrar á sociedade que a nosa enfermidade non nos impide traballar e convivir na sociedade e coas nosas familias como calquera cidadán, como calquera de vos.

O noso único desexo é que A Voz de Lenda serva para refrescarvos a mente dos problemas da vida de cada día, e, (por que non dicilo), para que pensedes que a xente con trastornos psicolóxicos en Galicia somos moitos miles de persoas, e só unha minoría como nós ten a sorte de poder rehabilitarse da única forma que é posible, é dicir, na comunidade, a través de centros como o de Lenda en Redondela. Nada máis que iso pretendemos. Se o conseguimos ou non , dependerá de que nos botedes unha man.

Necesitámosvos!!!
Graciñas anticipadas.

Nº 0 MARZO DE 1999.

DÉCADA E MEDIA
I

Pasa o tempo no reloxo sen pausa e o inimigo nos espera en cada esquina. E así día tras día, mes tras mes, ano tras ano. É así como chegamos a unha década e media e os quince anos xa están aquí despois de tanto sufrir e chorar polo tempo perdido, eses tempos no que o reloxo non para nin espera por ninguén, sexa quen sexa. É como un home covarde que escapa pólas agullas do reloxo cara o futuro. Futuro que cada día óllase mais negro. Onde quedan eses anos nos que había traballo para todo o mundo que o necesitaba? Había ledicia nos bares (agora baleiros), a xente ía de compras asiduamente, etc...
Década e media que para min pasou coma se fose un mes. Quince anos de experiencias das que saquei sentenzas lingüísticas que me axudan cada día a non caer de novo no pozo da incomprensión. Agora a vida para min ten cada vez mais un sentido real, tan real como que me chamo Jaime. Década e media, quince anos xuntos, non nos separemos pólo menos durante cen anos mais.

JAIME VIQUEIRA

DE IDA E VOLTA

No ano 1999 tiña eu sete anos. Daquela marchara para Alemaña cos meus pais. Eu tiña medo porque era moi pequeno e tiña medo ás alturas do avión, sempre que montaba acababa chorando. Cando chegamos a terras alemás fomos para a cidade de Colonia. Alí estiven nun piso alugado, ese piso estaba nun sitio que se chamaba Kurthumagale e comecei a ir a unha gardería que había alí ao lado. Fixen moitos amigos e lembro como os veciños portábanse moi ben comigo, recibía moitos agasallos por parte deles.

A cidade de Colonia.

Pasaron dous anos e volvinme vivir para Galicia, á casa dos meus tíos, que foron os que me criaron dende que nacín. No ano 2001 matriculeime no colexio de Trasmañó, alí coñecín unha morea de xente e fixen mais amigos. Os mestres portábanse moi ben comigo.
Agora teño vinte e un anos e teño unha enfermidade mental que se chama trastorno psicótico. Estou moi contento no centro de rehabilitación Lenda, pásoo moi ben, temos diversas actividades como o tenis, ximnasia, relaxación, a revista ou artes entre outras moitas cousas, e os do equipo de fútbol xogamos nunha liga galega. Eu estou no equipo, o ano pasado marquei un golazo de cabeza.
Para rematar gustaríame ter algún traballo ou facer un curso. Repito: Estou moi feliz en Lenda por que entre outras vantaxes fixen amigos que durarán para toda a vida.

DAVID WHITE

OS ÚLTIMOS 15 ANOS.

Con 9 anos fixen a miña comuñón na igrexa de Lougares, tiven moitos regalos, e ao finalizar o xantar un pallaso fíxonos xogos.
Con 12 anos empecei a facer a ESO e aprobei todo. Tamén participei en actividades do colexio, por exemplo nas olimpíadas escolares, e gañei algunhas medallas.
Ao mesmo tempo adestraba no equipo de fútbol de Ponteareas. O meu adestrador chamábase Telmo. Estando nese equipo seleccionáronme para ir co Celta a xogar un torneo en Brunete (Madrid). Fóronme a ver os meus pais, os meus tíos e a miña irmá. Quedamos eliminados nos oitavos de final e eu xogaba de defensa.
Ao ano seguinte fichoume o Porriño Industrial. Estiven tres anos e despois pasei polo Rápido de Bouzas e o Sárdoma.
Cando rematei a ESO fun ao instituto de Ponteareas tres meses. Chamábase Pedra da Auga. Aí empezou a miña enfermidade. Estiven ano e medio en Graña Saúde, intentei estudar pero suspendín.
Despois fun ao Montecastelo a intentar facer un ciclo medio de electricidade e electrónica pero volvín suspender. Logo estiven un ano na casa e fun a Madrid a unha clínica que se chamaba López Ibor. Estiven ingresado un mes, detectaron a miña enfermidade e logo vin para Lenda.
Actualmente estou a adestrar no Vilasobroso, xogando e metendo goles.

BRAIS LOURIDO

OS ESTÉVEZ:XARDÍNS
CAPÍTULO III

Os Estévez practican dous tipos contrapostos de xardinería, unha de quita e pon e a das súas rúas. Nas que plantan árbores que ao crecer levantan o subsolo, paralizan o tráfico, e as súas ramas rompen as fachadas ou se introducen polas fiestras desaloxando aos inquilinos. Entón os émulos de Príapo, tallan o xigante e volven poñer outro exemplar da mesma especie, sen reparar que co tempo volverá repetirse o suceso.
Seguindo os principios enunciados na súa enciclopedia botánica sobre o uso de especies, plantas, plantan exóticas plantas carnívoras entre o empedrado. Estas duran tan pouco que en ocasións non poden florecer pois son arrancadas para levar a cabo algunha obra sempre necesaria nun subsolo habitado por ratas topos, voraces comedores dos seus cables eléctricos.

Algunhas seccións dos seus xardíns botánicos están prohibidas ao público, pois nelas viven seres terribles. Uns tan tóxicos que só coa súa sombra producen a morte, outras cuxos froitos fermentan ao caer e emborrachan cos seus bafos ou provocan caídas ao ser pisados.
Innumerables son as especies que foron catalogadas por estes afastados seres, pero ningunha tan sorprendente como o serque. Árbore con tronco e ramas de texturas e debuxos serpentinos, follas douradas e de cuxas inefables flores nace un froito que é en todo igual a un pelicano branco terrestre. Este bótase a voar e busca un sitio adecuado. Cava na "terra", se enquista e espera a que as choivas fagan nacer da semente do seu corazón un fermoso serque.
Aquí Rilcanka deixa a narración en suspenso aínda que promete retomar mais adiante a descrición da flora do planeta.

(Continúa páxina 17)

MANOLO TOMÉ BEN

CAMBIO DE SECULO

En 1999 a xente cría que o mundo se remataba co novo ano que estaba por chegar.

Pero isto non foi así, a xente andaba coma se iso fose a pasar. Chegaron novos aparatos, como os móbiles de última xeración, novos ordenadores e novas técnicas de funcionamento comezaron a usarse nas escolas e nas universidades. Os nenos de entre 12 e 15 anos empezaban a levar o móbil no peto e agora dependen completamente del.

Chegaron novos cambios para o estado, novo presidente. Sae na televisión información que antes non saía por que o goberno non o permitía. Saían cousas de violencia doméstica, cousas de roubos e tamén saían á luz casos de corrupción política, fraudes fiscais. A xente non estaba ben da cabeza, algúns mozos empezaban a matar as súas parellas por que estas non aceptan un "non" por resposta. Internet expandíase como a peste, os homes ían á lúa e gastábase moito diñeiro para ver unha terra que non tiña nada. O novo século comezaba ben para algunhas persoas porque tiñan traballo e outras non o tiñan. E chegaba un novo tren.

A Xunta empezaba a axudar ás persoas que padecían unha enfermidade mental. Non todas recibían a mesma cantidade de diñeiro pero as persoas con enfermidade mental agradecíanllelo votándoos nas eleccións (o prezo do voto). Houbo bos presidentes, tivemos sorte con algúns, pero non con todos. Algúns eran uns desvergonzados e gastábanse os cartos dos cidadáns en viaxes ou en paraísos fiscais. Empezaba unha nova etapa para os pensionistas, aínda que non todos recibían a mesma cantidade de cartos. A sanidade cambiou moito, empezaban a saír novos métodos de salvar vidas como os transplantes de órganos. Moita xente viviu grazas a isto.

ELISA MIGUEZ

ALÁ POLO 99

No ano 1999, eu dedicábame a ir coa miña nai ao campo a facer algunhas labores, tamén ía tomar algún que outro café con gotas, e o resto do tempo dedicábao a estar na casa.

Naqueles anos estaba á expectativa do próximo cambio de século, e a miña saúde non era moi boa, pois tiña que ir de cando en vez ao psiquiatra por problemas de insomnio.

No ano 1999 encontrábame moi aburrido e non pensaba na enfermidade que tiña.

Cando empecei a escribir na revista os mellores artigos foron "A sementeira", "Poda","As peras", "Influencia dá lúa na recolleita","Astrónomos Famosos","Dia dá saúde","O pai dá penicilina","Viaxe ao Bierzo","A miña infancia","Insomnio","Como chegar ao fin de mes","Cistite, dos antibióticos ás autovacinas","O meu xuízo","O cultivo de rosas, a paisaxe mais impresionista","A miña educación","Territorio e bisbarra do Eume","O castelo de Naraio","Castelo de Moeche"…

Todo isto me achegou enriquecer o meu vocabulario entre outras cousas.

JUAN ÁLVAREZ



NO 9991 ACABAMOS

Unha pantasma percorre Europa. Daquela non a víamos, pero hoxe en día, cada un de nós non se cre moi ben por onde esta a recorrer, se non é tan só no noso maxín senón que nos vamos convertendo nunha cousa sen senso físico ou moral, ímonos diluíndo nunha morea de cousas sen ter mais significado que o que nos mesmos lle queremos dar, nada de colectividade , a isto xa lle chamamos crise e cando fai uns anos no 15M se buscaban cousas e medios para artillar unha solución, a mesma lea enriba do que estamos estoupou pero non cambiou.

Reforma ou revolución, dicíase, fai disto moito tempo e hoxe, en medio mundo, non podemos aplicar esta disxuntiva nin acudir aos textos antigos. Xa levamos mais de 150000 mortos en Siria, en Exipto e Libia, non se atopa a solución onde o pobo está armado, as milicias campan ás súas anchas, os nenos son os que mais sofren e en casos coma Siria son torturados. Non é cuestión de facer un bo pastel e despois repartilo entre os que o paguen, a fariña, os ovos, o leite e azucre está feito nun mundo que nos pertence a todos.

Somos individuos solitarios ou non, pero iguais, igual que cada animal ou habitante do planeta Terra, onde cada día sae a participar cos demais e procurarse o alimento para o dia. Pouco a pouco foron facendo da especie "home" un animal indefenso e solitario, isto non o pedía o mundo nin as nosas posibilidades para adaptarnos ao mundo no que vivimos.

Nos últimos anos foron recortándolle os privilexios a uns cantos personaxes públicos, pero sigo crendo que é unha falacia para desviar a atención cara o temor ás guerras para que un ou outro, teña fisicamente o poder.

E aquí estamos en Lenda celebrando o aniversario da revista. Non penso que sexa covardía separarse dos canons nin que sexa punible nin mal vista esta separación, nin que non aporte nunha desconformidade real coas condicións de vida que nos fan asumir dende que nacemos, nin que se lle chame traumas ao non aceptar que nos manipulen co senso de dicir como somos e teriamos que ser. O que se ve e o que se asimila. Pode ser tamén unha moda no século XXI.

JOSE LUIS EZAMA

UN POUCO MAIS FELIZ.

Cando votas fora os teus recordos
cando xa non voan os corvos
cando se perden todos os xogos
e hora de votar unha ollada cara atrás.
Percorremos unha senda
perdémonos na selva
buscando un compañeiro
que non queira o noso diñeiro.
Quince anos mais espérannos
para sentir a calor dos nosos amigos
que sempre estiveron aí
para sentirme un pouco mais feliz
...Quince anos mais...

JAIME VIQUEIRA

"Para min o TAO TE KING é o mellor libro xamais escrito, ás veces dubido de que estea escrito"
MANOLO TOMÉ BEN

UN POUCO DE LUZ SUAVE

Neste relato persoal despóxome moi por enriba de cousas da miña vida, e outras moitas, moitas máis, omítoas por non danar segundas persoas e non ferir a sensibilidade de quen o poida ler.

Nacín un 9 de xuño ás 9.45 na cama de matrimonio dos meus pais, cama que por certo aínda existe.
Din que fun unha filla moi desexada. A miña infancia transcorreu normal, camiñei aos doce meses e fun de bo comer, coa responsabilidade e as dificultades que require a crianza de todo neno para os pais.
Fun ao primeiro colexio aos catro ou cinco anos, a min persoalmente paréceme tarde, levábanme o meu tío ou a miña nai porque o perigo existía cando cruzaba a estrada xeral.
Aí aprendín a ler e a escribir. Aínda recordo os cadernos de escritura, a letra non sabía como a tiña que facer. Á profesora pódoa lembrar coma se fose hoxe, sería por que facía algo que eu non estaba afeita a ver, o das follas de xornal, daquela non o comprendía, mentres daba clase ela fregaba e fregaba follas de xornal para abrandalo e ir logo ao baño, supoño que por entón había carencias, necesidades e pobreza.
Cando viña o fotógrafo era un día especial, a mestra dedicábase a cepillarme o pelo, era bonito, e preparábame para sacar a foto co libro Arlequín. Aínda sinto que ela tiña un trato sempre especial comigo, supoño que porque aínda non tiña familia. Logo pasei a un colexio novo, que é aínda a escola pública de Cesantes. Empecei, se ben recordo, no terceiro curso e alí continuei ata que saquei o graduado escolar. Teño que dicir que nunca gustoume estudar, suspendía e pasaba a setembro, os profesores axudábanme para sacar o curso adiante, sétimo e oitavo foron duros, custoume sacalos. A dureza tamén estaba na casa, a miña nai superaba un cancro de mama e reflectíase nas notas, neste tempo pasei da adolescencia a ser xa unha muller, unha etapa moi conflitiva chea de medos, de baleiros, de temores, onde notaba a falta da miña nai ao meu lado, refírome á presenza materna coa que compartir, coa que falar, ter alguén que che aconsellase, apoiase, non puido, non o fixo, aínda segue facendo o mesmo.
Estou seguro que entre a miña infancia e adolescencia forxouse a miña personalidade, a miña forma de ser, de pensar. Fun crecendo pensando que tiña orellas de burro e acabeino crendo.
Pero é o que toca, o que teño, a nosa relación sempre foi moi tirante, e conforme pasan os anos, aínda empeora moito máis.
As notas daban igual, era o mesmo traer sete suspensos que dous, eu tiña envexa dos meus coñecidos e amigas pois tras un bo curso, esperáballes unha recompensa e iso era sempre un incentivo. A min en cambio xamais me sucedeu, cursei primeiro de Bup en Redondela, mentres moitas tiñan claro o que querían ser eu estaba perdida, non sabía que facer.
Un verán a miña nai fixose cun traspaso e montou un negocio de floraría, plantóns, agasallos, un pouquiño de todo. Localizábase na aldea e mentres eu pensaba que era para ela, sen preguntar, estaba a preparar o meu futuro, sen consultarmo. Ela era e é así aínda... Estiven cinco anos nun negocio que xamais funcionou.
O falecemento do meu pai foi unha boa escusa para pechar a porta do negocio, unha morte demasiado rápida, fulminante. Isto supuxo que a miña nai se afundise e pasou unha gran depresión, estivo moi mal, tiven que facerme cargo do posto que tiña de flores e plantas na praza de abastos para manter a clientela e levar cartos para casa.
Ela saíu a flote e a min, pola contra, tocoume unha enfermidade psicolóxica terrible, torturante, a anorexia nerviosa.

Tardei moito tempo en superala, tomar conciencia dela, aínda que tiven apoio de profesionais (psiquiatra, endócrino, psicólogo) a nivel familiar non o entenderon, non fun comprendida e polo tanto non recibín axuda pola súa banda.
Cría e creo, que mesmo a miña familia se avergonzaba de min, da deterioración física e mental que experimentei. Pasaron os meses, os anos e un día calquera dun verán calquera unha persoa apareceu na miña vida, sóubome gañar ou me deixei gañar por motivos que decido ocultar. El acabaría sendo máis tarde o meu marido. Abandoneino todo e funme con el a Euskadi, concretamente a Donostia, non só funme, se non que tamén deixaba atrás toda unha vida e unha familia que non me gustaba nada, de feito odiábaa. Tardei un tempo en adaptarme pero pagou a pena, unha cidade bela, á que estou tola por volver. Os 14 anos de relación prefiro gardarmos, como dicía unha famosa: "Do pasado non me lembro".
Volvémonos para Galicia na etapa final do matrimonio, en dous anos pedín a separación, o divorcio, os profesionais da mente din: "O divorcio é comparable a unha morte". Estou totalmente de acordo, e no meu caso está moi claro que foi moi doloroso volver á casa da miña nai, da que un tempo atrás fuxín. E digo dolorosa porque xamais pensei que podería rematar así.



Renunciei á casa que sempre soñei, unha casa que aínda non tiña vida, calor de fogar, soamente olor a novo e baleiro. Volvendo ao anterior, a separación foi para min un inferno, unha dor insoportable, un factor moi estresante, volver empezar de cero, a culpabilidade, o baleiro, a falta de ilusión por alguén ou algo. O baleiro non se enchía absolutamente con nada, a soidade fixose a miña compañeira. Todo o proceso o levei soa, sen axuda. A miña familia, o meu irmán, ninguén me prestou a súa axuda, talvez, non estou seguro, este foi o motivo polo que me custou tanto saír do pozo.
Indo a unha profesional da saúde mental fun derivada a "Lenda", aquí comecei unha andanza, un camiño moi longo, cheo de obstáculos como as pedras do camiño, como a area nos zapatos, un percorrido que parece non rematar xamais. Altos, baixos, baixos, altos, en fin, rodar e rodar. Demasiadas preguntas, voltas e voltas ás cousas. As compañeiras, algunhas son mais especiais que outras, pero con estas últimas trato de ser correcta, respectar e ser tamén respectada. E xa é moito pero creo telo conseguido. Na rehabilitación os esforzos nunca son suficientemente recompensados, o camiño a percorrer é moi longo, doloroso, laborioso, arduo e ás veces creo non o conseguir nunca. Este pensamento que xa sei que non é correcto nin positivo, sempre está aí.
Acabar dicindo que este escrito foi o máis suave que puiden, o demais quédase comigo.

MERCHE PAZOS

AS MAREAS DA ÁNIMA

ENFERMOS

Enfermos que están malos
enfermos relaxados
enfermos pensativos
enfermos custodiados
enfermos realzados
enfermos enchufados
enfermos deprimidos
enfermos verdadeiro
enfermos sempre haberá
enfermos para ben ou para mal
pero sempre serán enfermos.

ANA NIETO

A LÚA

Redonda inchada
de fregarse contra o ceo
rasca a miña pel
coa súa delgada luz
cae sobre o meu pelo
coa suavidade dunha serea
que non se houbera dado de conta
que non posúe pernas
quéntase a miña sangue
acéndeme de loucura
regálame unha pel fluorescente
e convérteme en aceite fervendo
en fauna cascos e cornos
e cabelo desbocado
baixo o lúbrico sopro do escuro.

DAVID WHITE

DESTINO SEMENTADO

Entrando polas portas do inferno
calculando os riscos externos
abrigándonos do frío inverno
seremos dous estraños queréndonos.

Meu paso e o teu destino
miña ilusión teu querer
meu corazón vouche a ofrecer
para que fagas del un corazón con sabor a viño.

Seremos únicos no falar
estaremos dia e noite xuntos
para de amor matar
sermos no delito, presuntos.

E agora que chega o final
comezaremos de verdade
a querernos todos por sempre
senón esperaremos a que alguén de amor o campo semente.

JAIME VIQUEIRA

1999

Neste ano presentouse o voceiro de Lenda, ano de escritos, poesía, refráns, debuxos. Eu aínda non ía a Lenda, acababa de rematar os meus estudos no Pedro Floriani e comezaba a atoparme mal, a miña saúde resentíase. Púxenme a traballar en Pescanova, levábao ben, de súpeto empecei a imaxinar que pensaban mal de min os meus compañeiros de traballo, a ver cousas raras nos lagostinos, a verlles mala cor, e sufrín unha crise.
De aí ao pouco tempo púxenme a traballar nunha camisería, pensaba que a crise pasada fora cousa só de Pescanova pero volveume acontecer.
Non era capaz de concentrarme, a miña cabeza non paraba, cría que pensaban mal de min e de súpeto un día erguinme e díxenlle ao meu xefe que me atopaba mal e funme para casa.
Estiven grave na casa, tamén deume unha dor moi grande na cabeza ata o punto de estalar. Leváronme ao Nicolás Peña e á Doblada, puxéronme medicación e diagnosticáronme esquizofrenia.
De alí a un ou dous anos recomendáronme ir a Lenda, e aquí estou a portarme o mellor que podo e escribindo para cada numero da revista.
Cando recordo a fin de século, o "boom" dese 2000 que chegaba o tiven na cabeza e empecei o novo milenio moi baixa de moral.

YOLANDA IGLESIAS

15 + 15 - 15 = 15

Cando cheguei a Lenda non había revista, era todo monótono: taller, ximnasia, cursos varios, piscina, excursións, viaxes, xogos diversos, tapicería...
E un dixo: Por que non facemos unha revista?
Reunímonos os interesados e así naceu a revista en 1999. Poñiamos todo o noso empeño en que chegase ao lector e a que a este lle gustase o que nela había.
Canto traballo nos dá A Voz de Lenda!!!
Este n.º 28 é algo especial xa que se trata do 15º aniversario.

LOIS



Comecei a miña etapa escolar no colexio con cinco anos. Cursei primeiro da EXB, logo segundo onde suspendín deixando as matemáticas. Pasei a terceiro e así ata sexto onde tamén deixe as matemáticas, pero non podía repetir xa mais porque por idade tiña que entrar no instituto e así foi. Con 14 anos empecei en primeiro da ESO, logo pasei a segundo onde repetín, a continuación fixen terceiro e por último ao chegar a cuarto abandonei os estudos antes de rematar a tempada escolar ese ano.
Eu quería traballar.
Unha vez deixados os estudos a finais de século, fixen un curso de tubero naval, facendo practicas en empresas, aínda que estas non as cumprín apenas porque non me gustaba nada madrugar. Despois, xa no 2002, estiven traballando cun veciño facendo traballos de ferreiro; soldando e pintando enreixados para entradas de edificios, pero aí estiven só dous meses. Logo pasei a estar uns cantos anos sen facer nada. En 2010 fixen un curso de ordenador de Windows básico e en 2012 fixen un de operacións básicas de cociña, que durou catro meses con prácticas en empresas incluídas. Uns meses despois repetín o curso de Windows que fixera anteriormente. Tamén na época de verán traballei uns días na vendima.
Ao rematar o verán retomei os estudos volvendo á ESO pero sen moita convicción de que me fose a ir ben, por causa dunha materia. En 2013 deixeino e entrei en Lenda para facer algo e estar ocupado, recoñecéronme unha minusvalía e a raíz diso agora estou indo a Lenda.
E esta é ***A MIÑA HISTORIA.***

JAVIER LOPEZ

A MIÑA ENFERMIDADE

Fai quince anos trasladeime a onde vivía o meu pai, unha vila de Guadalaxara, en Castela a Mancha. Chamábase Canizar. Retiráranme a medicación e, sobre iso, teño moitas historias que contar. Conseguín o meu primeiro traballo, do cal estou moi orgullosa. Traballei como auxiliar de catering na nave do AVE, na Estación de Atocha en Madrid. Colléronme nunha empresa de traballo temporal por 6 días e desempeñei o meu traballo o mellor que puiden.
O meu pai e eu non nos entendiamos e quería regresar á casa, a Vigo, coas miñas irmás e a miña nai. Vendín as miñas cousas para conseguir o billete de autobús que custaba daquela catro mil pesetas.
Nun Cash Converter vendín a miña cámara de fotos e os meus discos compactos. Ao chegar á casa sentíame segura pero rara á vez. Custoume moito comportarme ben, tiña moitas crises e recaídas ata que deron coa medicación axeitada para o meu problema mental.
Sobre a esquizofrenia, non sabía nada do tema ata que cheguei a Lenda o 14 de abril de 2005. A partir de aí mellorei ata a plenitude. Agora teño as miñas necesidades como traballar e estudar.

PATRICIA COGOLLUDO DE OYA

A MIÑA EXPERIENCIA EN DOA E LENDA.

En 1999 estaba eu en Doa e estivera a falar en galego durante dous anos, dende maio de 1997 ata maio de 1999. A Doa ían facer prácticas de educación especial (ou algo así) moitas mozas, na súa gran maioría, do FP de Chapela. Tamén ían obxectores de conciencia. Facían manualidades e xogaban connosco os venres.

Despois de estar en Doa moitos anos, no 2007 entrei en Lenda. Cando entrei en Lenda, pouco antes o deixara Ramón Muntxaraz. Pouco despois entrou como novo psicólogo Fernando. Decatárame que a filla de Esperanza coñecía unha rapaza de Cedeira que estudou comigo no colexio, se chama Pili e estudaron en Santiago xunto con outros rapaces tamén veciños meus.

Ramón Muntxaraz fórase ao Hospital de Valdeorras e polo que dicían del, era unha excelente persoa.

En Doa coñecín moitas persoas. Os compañeiros apreciábanme. Tiñamos terapia de grupo, ximnasia, xogos, taller de teares, de cartón pedra, un xardín con invernadoiro, dúas cadelas, tivemos un gato, taller de enmarcado, cestaría, taller de mobles, que era tamén o de cerámica. Pola tarde tiñamos os martes e os xoves, un día vídeo e o outro xogos e conversación.

Xogabamos partidos de fútbol sala contra Hospital de Día. Tamén chegamos a publicar algún número que outro dunha revista aínda que non estou seguro de que pasou con ela.

BENJAMIN NOGUEIRA

A VIDA CABALAR

Alí polo noroeste da península vivía Diego nun lugar que os mapas non sinalaban, chamábase Redondela. Vivía rodeado de campos verdes, montañas, ríos, pontes, arbores...

Alí vivía Diego, pero esta historia non podería escribirse se non fora porque Diego tiña un cabalo chamado Tala-so que coidaba dende moi cativo. Os dous estaban xuntos e así sempre foi ao longo dos anos, pasaron por coñecerse, controlábanse, andaban xuntos... E Tala-so e Diego facían ao mesmo tempo, as mesmas cousas. Diego nunca montara no cabalo, o levaba polas rendas e ían xuntos a todas as festas.

A cousa era que Tala-so facíao todo de 15 en 15. Daba 15 pasos ou 15 chimpos. Ou todo ou nada. O bo era que os dous pasaban case todo o día xuntos e non tiñan ningún tipo de problema.

Tala-so tiña 15 anos e 15 dentes. Total que ía de 15 en 15.
Un día levouno a unha feira cabalar e quedou no posto 15 e déronlle quince mil pesetas.

Monta dunha vez no cabalo rapaz e así andades a metade.

E Diego non chegou a saber nunca si Tala-so daría mais de 15 pasos con el enriba.
Así acaba a historia que escoitei a un regato de primavera de Redondela. Cando Tala-so cumpre os 15 anos e Diego regálalle unha matrícula da Dirección Xeral de Pánico.

JOSE LUIS EZAMA

"Nacemos no paleofito e morreremos no neofito, se antes a involución neolítica non nos destrúe"
MANOLO TOMÉ BEN

AS MAREAS DA ÁNIMA

MIL E UN PROBLEMAS.

Temos mil e uns problemas
se estamos ben de saúde
pero cando ela nos falta
só o problema es ti.

Por iso señor che pido
por esa nena fermosa
que paso de mil problemas
a ter só unha cousa
cúralle que está maliña
é a súa maior ilusión
estar pronto moi boa
todos os demais problemas
xa lles dará solución.

DAVID WHITE



SOBREVIVINDO

Sobrevivindo
de viaxes da vida
da vida mesma
sobrevivindo
co paso do tempo
que pasou no reloxo
sobrevivindo
da vida mesma
encóntrome loitando
encóntrome na felicidade
sobrevivindo
dos batifondos
das viaxes da vida
sobrevivindo
no paso do tempo no reloxo
sobrevivindo
de viaxes e viaxes da vida
sobrevivindo na loita.

CARLOS TORRADO

A LUZ

Luz que che quero luz
luz que iluminas o desexo
luz que iluminas o camiño
luz que rexuvenece
luz de andar por casa
luz caseira que entra polos ollos
luz que nos guías
luz que nos despexa
é a luz da luz.

ANA NIETO

CONTAMINAME

Hai uns anos os mares non estaban tan contaminados como agora porque botan latas, plásticos e ata pneumáticos. Hai uns anos isto non pasaba e a xente era mais responsable cos océanos e coas persoas que se gañaban a vida traballando no mar, e así nós poder mercar peixe nas prazas de abastos.

O mar é vida para miles de pescadores e pescadoras que collen nas beiras das praias os mariscos que comemos. As praias non estaban tan cheas de porcallada. Antes a xente era mais limpa coa praia, botaban o lixo nos colectores e respectaban o que a natureza lles daba.

Ás praias vaise a bañar e a pasalo ben cos amigos, cos familiares. Os pescadores collen os seus barcos para pasear os seus e ir de pesca para manter aos familiares que están ao seu cargo.

Vaise tomar o sol, os areais están limpos e pódese andar sen chancletas. Aínda que non todos están limpos.

Hai persoas que limpan as praias e as deixan moi limpas pero hai outras persoas que as enchen de porcalladas. As augas están manchadas de algas pero iso, é normal, porque axudan ao marisco a crecer sen ningún problema.

Estas persoas que limpan non só recollen a por-



callada que deixan outras, senón que, tamén recollen as algas para que a xente poida bañarse.

ELISA MIGUEZ

VIDA LABORAL

Iniciei a vida laboral como modista, por aquel entón tiña 16 anos e traballei dous anos na devandita profesión sen os resultados que eu esperaba. A continuación comecei a traballar en supermercados, desenvolvendo tarefas diversas, por exemplo en froitaría, etiquetaxe, carnizaría, etc.
As cousas ían ben, gañabamos o noso diñeiro e estaba contenta ao igual que os clientes.
Por desgraza houbo un desfalco na tenda e quedamos sen traballo. As consecuencias foron que quedamos sen cobrar os últimos meses e grazas a Comisións Obreiras nos liquidaron. Pronto encontrei traballo no hospital Xeral encargándome da limpeza, este considereino un traballo temporal ata que xurdise un emprego que a min me gustase. Ao pouco tempo me informaron que inauguran un centro comercial e alí encontrei un posto no supermercado Claudio. Para iso tiven que enviar varias solicitudes e realizar algunha proba onde cada un dos aspirantes desenvolvía o seu traballo. Foi moi grato traballar na froitaría durante 7 anos.

MARIA PROL

☺ VOLVER A SORIR ☺

Estudei dende neno no colexio público de Ponte Caldelas, non rematei a E.X.B., tiven que repetir dúas veces 2º, 6º e 8º. Debido aos meus malos resultados académicos obrigáronme a asistir a unha academia en Vigo. Sen dubidalo a miña actividade favorita era ximnasia.

Con dezaoito anos saquei o permiso de conducir, a teoría aprobeina á primeira pero a práctica xa non se me deu tan ben e acabei sacándoo á segunda.

Librei de ter que acudir ao servizo militar, para iso tiven que ir a Coruña a facer un recoñecemento médico xa que alegaba padecer epilepsia.

Durante unha longa tempada me dediquei xunto cun amigo a gozar dos praceres da noite, saïamos de marcha por Arcade, Ponte Caldelas, Redondela e Sanxenxo. Aínda que non o pareza eramos uns aburridos.

En 1991 comecei a traballar de pinche de cocina nun par de restaurantes, un deles chamábase "A Marisquería". Este foi o restaurante onde mais horas traballei, máis tarde comecei no "Hotel do Mar", foi o traballo con mellor horario xa que nos outros traballaba horas e horas sen descanso. Aquí o prato que mais me gustaba eran os fideos con ameixas. Uns anos despois pasei a traballar no "Hotel Troncoso" e acabei traballando noutro restaurante en Vigo chamado "Brisas".

Entre restaurantes e hoteis tamén traballei nun serradoiro e de peón de albanel. Mais tarde apareceu na miña vida unha compañeira inseparable, a enfermidade mental e rematei por abandonar todos os empregos. Pasei uns anos sen saír de casa e despois de pasar polo Rebullón entrei en Lenda. Levo case oito anos acudindo a diario, comecei no centro de día, pasei polo piso de habilidades da vida diaria e agora encóntrome no centro ocupacional.

Agora a vida, pouco a pouco, vólveme sorrir.

A MIÑA ETAPA MUSICAL

Alá polo ano 97 empecei eu escoitando o Marilyn Manson no radiocasete do coche do meu pai. Agradoume. A partir de aí deixei un pouco de lado o tema do metal. Os 12 ou 13 anos volvín a escoitar aquela cinta e quedei obnubilado polos encantos que ela me causaba.

Aquela música con ritmos diabólicos me encantaba ata tal punto, que non tiven mais remedio que mercar unha batería aos 17 anos. Comecei a ensaiar nunha habitación pouco insonorizada do almacén da estación de Renfe sen o permiso de ninguén oficialmente falando.

Deixáronme un dobre pedal e ensaiaba todos os días tres ou catro horas: así funme curtindo para o que despois sería a miña carreira profesional; (a saber: tocar en bares por comida, bebida ou algo de cartos).

E ata hoxe en día que xa non sigo en activo por causas económicas.

XAN

OS ESTÉVEZ: XOGANDO A COÑECER
CAPÍTULO IV.

(Ven da páxina 5)

Os Estevez son eternamente nenos, exploradores infantís dun universo de interrogantes e curiosidades. Agonizan e aínda latexa neles a chama do descubrimento, o lenzo eternamente branco dunha mente receptiva.

Ante un xoguete as súas almas, infatigables, explotan nun sentimento de felicidade que xa se mostra nas súas primeiras etapas de vida. Cando, unha vez saen do ovo rochoso, comezan a súa andaina de eiruga. Alí xorde o interese por todo o que se move ou colga, este impulso converterase máis tarde, tras a morte transformadora da crisálida, nun adulto artista e científico; pois non coñecen a división destas disciplinas e por iso a súa evolución mental é moi superior á nosa.

Ademais, practicamente non dormen e son infatigables no traballo, polo que en poucos anos os seus logros superaron os dun Einstein e os dun filósofo.

A música é para eles a maior das artes. Tamén nesta arte nos avantaxan, pois o seu sentido do oído, que por certo está nas patas, non está limitado como o noso a unha parte do espectro, e recolle polo tanto os ultrasóns e os infrasóns.

Compoñen cancións capaces de romper as rochas máis duras.

O único xogo que teñen prohibido é o escondedoiro, pois escóndense con tal habilidade que resulta imposible descubrilos e eles mesmos perden a orientación. Días máis tarde aparecen os seus cadáveres devorados por un animal descoñecido.

Outros xogos escapan á nosa capacidade de comprensión e non obstante quizais sexa neles onde podemos descubrir máis similitudes con estes afastados e exóticos extraterrestres.

(Continúa páxina 31)

MANOLO TOMÉ BEN

CONSEGUIREINO

En 1999 eu tiña dez anos. Estudaba no colexio público de Mondariz, cursaba quinto de primaria e a miña profesora era Pilar Avión. Na escola o que máis me gustaba era xogar ao fútbol cos meus compañeiros durante o recreo. Aprobei todo e gustábame estudar, como actividade extra escolar, xogaba ao fútbol na escola de fútbol de Ponteareas na categoría de benxamín. Ese ano participei na selección galega de fútbol nesa categoría. Marquei setenta goles só nese ano. O fútbol sempre foi o que máis me gustou, e segue a gustar.

Ese ano aínda non tiña esa enfermidade, esta desenvolveuse cando tiña quince anos. Naquela época como me encontraba moi ben, era capaz de concentrarme en clase, as miñas relacións eran boas e tiña moitos amigos. En xeral sentíame cheo de enerxía.

Gustaríame volver sentirme así e sei que algún día conseguireino.

BRAIS LOURIDO

AS MAREAS DA ÁNIMA

COMO CHE VAI CHE GUEVARA

Detrás dunha guerra, detrás
detrás amaras aos teus
sen importarche deus aínda que sexa Zeus
amaras cando pintes con augarrás.

Unha guerra sufriches por ti
unha guerra por ser feliz
como che vai Che Guevara
dentro dunha camisa de once varas.

Como te irá Che Guevara
unha guerra que hoxe en día non para
como che vai Che Guevara
unha guerra cara a cara.

Cada dia, cada noite
e cando ían matarte nin un...
...reproche Che Guevara.

JAIME VIQUEIRA

Na noite sen estrelas
os teus ollos son a lúa
xogando entre as nu-
bes.

MANOLO TOME BEN

A PRIMAVERA BICABA.

A primavera bicaba
suavemente o arboredo
e o verde brotaba
como unha verde fumareda.

As nubes ían pasando
sobre o campo xuvenil
eu vin nas follas
tremer as frescas chuvias de abril.

Baixo esa améndoa florecida
recordei e maldicín
a miña xuventude
falta de todo amor.

Hoxe na metade da vida
parei a meditar
xuventude nunca vivida
quen te volvera a soñar!

DAVID WHITE

FEITOS DE 1999 EN GALICIA.

A escena política galega non sufriu cambios de importancia, salvo que o BNG e o PSOE pactaron coalicións de goberno que lles permitiu gobernar en trinta localidades. En abril a Xunta aprobou dous decretos polos que se destinaba 300 millóns de pesetas á modernización dos órganos xudiciais e se traspasaban corenta casas do mar e cinco hospedaxes dependentes do Instituto Social da Mariña. Por outra parte, o 14 de abril, a Universidade de La Trobe concedeu o título de Doutor Honoris Causa ao presidente da Xunta, Manuel Fraga, en recoñecemento á súa contribución á vida política, intelectual e cultural española.

Neste ano nace o proxecto de construción da Cidade da Cultura de Galicia, a Xunta convocou un concurso internacional para escoller o proxecto que rexería a súa construción no monte Gaiás.

En cultura con motivo do ultimo ano santo xacobeo de século, a consellería de cultura, en colaboración co arcebispado de Compostela organizou unha exposición titulada "Santiago", que reunía un millar de pezas artísticas de inspiración xacobea elaboradas en países de todo o mundo dende os comezos da cristiandade. A mostra exhibiuse nos pazos de Fonseca e Xelmirez, no mosteiro de san Martiño Pinario e na igrexa de san Paio de Antealtares.

O artista Agustín Ibarrola colocou nun campo de trinta e cinco mil metros cadrados, rodeados de bosques o a localidade ourensá de Allariz, unha instalación permanente realizada con grandes bloques de granito pintados con formas xeométricas. A obra de Ibarrola era unha reflexión sobre o transcurso do tempo.

En economía as caixas de aforros Caixavigo, Caixapontevedra e Caixaourense asinaron o quince de marzo en Compostela o protocolo de fusión que deu lugar a unha entidade unificada.

En infraestruturas o presidente do goberno, Aznar, e o presidente autonómico inauguraron o 19 de xaneiro a autovía que enlazaba Compostela co aeroporto de Lavacolla. No transcurso do ano tamén se abriron ao tráfico rodado dous tramos das autovías Rias Baixas e Noroeste, de 144 quilómetros de lonxitude, nas provincias de Zamora, Leon, Ourense, Lugo e A Coruña.

O 30 de maio abriu as portas ao público o remodelado pazo de congresos da Coruña, que foi adaptado ás esixencias dun teatro de ópera. Tamén na Coruña se inaugurou en xuño o acuario Finisterrae, cunha superficie de trinta e seis mil metros cadrados e unha capacidade total de entre 13.4 e 20 millóns de litros de auga. Compoñían as instalacións un edificio de exposicións e unha zona aberta con tres piscinas.

En medio a fábrica de aceite de soia Moyresa na

localidade coruñesa de Cambre verteu máis de mil litros de fuel na ría do Burgo na que haxa unha zona marisqueira de alto valor ecolóxico e económico, a consecuencia da rotura dunha canalización que canalizaba o combustible.

Para rematar, nas relacións internacionais en marzo o presidente da Xunta, viaxou a Polonia en compañía de trece empresarios que pretendían establecer contactos para abrir vías de cooperación nos sectores alimentarios, químico e madeireiro. No transcurso da visita, Fraga se entrevisto co presidente Alexander Kwasniewski.

MANUEL GONZALEZ

"Do refrán "a mentira non ten pés" só cabe dicir que os sen pés pensan cos pés"
MANOLO TOMÉ BEN

COMO A VIDA MESMA.

En 1999 estaba a traballar en transportes "La Unión" e foi cando me detectaron a miña enfermidade. Eu tiña 36 anos e abandonei a empresa aos 38 no 2001. Separeime e foime moi mal. Volvín traballar en "Mombús", alí estiven 8 meses e retireime.

Pasáronme a longa enfermidade, despois tiven que ir a un tribunal médico porque marchara para Pamplona e estiven ingresado nun psiquiátrico onde me diagnosticaron trastorno bipolar. Logo mandáronme para Pontevedra onde pasei a maioría do tempo e retiráronme o carne "E" e en maio o "D".

Ía unha tempada ben e outra mal, estaba ingresado por tempadas. Agora estou incapacitado, o meu titor é a FUNGA, cousa que eu non quero, pero por desgraza é así. Isto aconteceu no ano 2014 por petición da miña irmanciña. A miña nai sofre moito, pero eu tamén sufro, agora a miña sinatura non vale para nada, xa non teño nin potestade sobre min mesmo, agora parece que en vez de ir para arriba vou para abaixo.

OBSTINADO SEGUÍA O OBSTINATO

Desaconsello opcións a medias que so tapan ao malo para facer que apareza o cordo e o probe. En canto a isto todos se locen e pensan que é unha maior intelixencia innata a que lles da os cartos e a saúde a uns cantos que aumentan cada día as arcas. O resto recluídos en salas de illamento, as chames como queiras: minorías, marxinalidade...

Para que non te convertas no que na sociedade actual coida que é un individuo con enfermidade mental tes que estar a cotío botando o balón. Non somos monstros que un día perderon o norte e caeron arrastrando a familia e aos amigos, tamén aos xefes e aos compañeiros de traballo ou de estudo.

Mais ben deixamos de utilizar esa cultura occidental, nos esquecemos das civilizacións que nos unen e ollamos todo moi próximo ou moi afastado.

Non vamos a ser os que desfagamos o mundo.

JOSE LUIS EZAMA

SENTIMENTO

A veces síntome triste, como unha tarde de outono vello, de enfermidade sen nome, de sentimentos agridoces, sen poesía. Historias que amargan as tristes noites de tebras escuras, historias que tinguen case brancos os meus negros cabelos.

Cando a lúa vai chea eu síntome como se fose a última cea e no rompente do día aparece unha frecha prateada que di: "Estou nunha encrucillada, non sei se seguir o camiño ou marchar a tomar un viño".

Nos recordos lembro unha vida que está compaxinada cunha fada que tomaba fabada e despois pasaba o día a facer a colada. Agora a felicidade ten unha peculiaridade e esa é a eternidade da celebridade.

DAVID WHITE

COMO CAMBIA A VIDA EN 15 ANOS

Este último mes decateime de que "A Voz de Lenda" cumpría quince anos. Eu hai dous anos que acudo ao centro de día e xa considero a Lenda como a miña casa, xa que a metade do día o paso aquí. Agora vénme á memoria onde estaba eu hai 15 anos e lémbrome, iso si, que estaba sen un duro e pasábame todo o día na rúa dun lado para outro. A miña casa víñaseme enriba, só ía durmir.

"Como cambia a vida en quince anos".

Chegou o euro e eu non coñecín a moeda ata despois de moito tempo. Recordo que vía na televisión á xente acudir ás oficinas bancarias a cambiar os billetes, mentres eu atopábame metida na cama morrendo da envexa e cunha depresión de cabalo.

Despois comecei a ordenar a miña vida pouco a pouco e conseguino. Hoxe en día érgome de cama coma se fose a traballar, estou coa miña nai todo o tempo que podo e quero, que é moito.

Ela é a miña mellor colega e para ela van estas liñas.

SARA

A RAMÓN MUNTXAZ.

Ramón Muntxaz, natural de Toledo. Sentíase galego, era galego. Membro do galeguismo de esquerda, independentista, patriota.
Síntome orgulloso de ter compartido con el grandes momentos, de coñecer ao médico psiquiatra, gran profesional, e de gozar dun gran camarada. Foi fumador de "Gaiola Aberta", voceiro do psiquiátrico de Conxo en Compostela. Xa anos despois foi cofundador da revista "A Voz de Lenda", e disto xa pasaron quince anos!!!
En canto a vida profesional, tivo moitos recursos, gañou todos. A súa metodoloxía era escoitar ao doente. Pensaba na solución dos problemas e usaba a medicación como último recurso para o paciente. Era unha persoa entrañable.

Del teño moitos recordos. Pasei horas a falar con el e ademais acabou mantendo unha gran amizade co finado do meu pai.
Toda vía lembro cando lle entregamos á súa filla Maruxa un teatriño como agasallo de Lenda, creo que lle fixera mais ilusión a Ramón que a Maruxa.
Un gran loitador!!!
Sempre no recordo.

CARLOS TORRADO

AS MAREAS DA ÁNIMA

QUINCE ANOS

A distancia é moita
o tempo é como un peto
para espertar unhas laranxas como froita
un amigo sempre escoita
e aínda que pasen quince anos
entre nos nunca nos faremos dano.

JAIME VIQUEIRA

GACELA DA AMIZADE.

A amizade é un refacho
de peixes luminosos
e arrástrate cara un océano
feliz de bolboretas.

A amizade é un ruxir
de altas campás
que invocan sen finxir
o aroma dos corpos
nun florido xardín.

DAVID WHITE

LONDRES

Ao lonxe soaba
a bucina do coche
mentres tanto estaba asustada
entre tanto ritmo de coches
que cada vaivén
era desesperar.

Estaba de viaxe
Londres, Londres
a cidade prohibida
era para vela
era extraordinaria
era para observala
era algo fulminante.

A min a viaxe
séntame ben
tamén me paraliza,
coa súa arte
coas súas movidas,
co gran Big Ben,
co oscuro Támese,
co consumismo de Harrods!

Cidade bendita!
Cidade maldita!
Que feliz son!

Entusiasmada tamén
entre tanto vaivén
Harrods, Támese
e o gran Big Ben.

PATRICIA COGOLLUDO DE OYA

HISTORIA DAS IDADES
ASPECTO SOCIAL DA IDADE MODERNA
CAPÍTULO I

A idade media foi unha época na que o valor do ser humano radicaba na súa relación con deus. Foi unha época de profunda devoción, na que a sociedade estaba moi ben demarcada, ao igual que as clases sociais. Supóñase que a vida que a cada unha lle tocara era un designio de deus, polo mesmo a mobilidade social era practicamente nula, a xente non a anhelaba.

A educación era privilexio do clero, polo que a maioría, aos nosos ollos serían ignorantes. A todo isto uníaselle o réxime feudal, un sistema de carácter económico e social. Aos nosos ollos pode parecer que foi época de ignorancia, de miserias, de retroceso cultural. Pero iso é aos nosos ollos, talvez ese tipo de vida os facía felices, talvez máis que a nós agora, produto dese conformismo.

Pero nos últimos anos da idade media comezou a operar un conxunto de circunstancias do mais variado carácter técnico, económico, social e espiritual. Unha transformación tan fonda e decisiva que pouco tempo despois alteraría fundamentalmente a fisionomía da vida e a cultura.

Faise difícil precisar a data exacta na que empeza a idade media, non obstante, hai no século XV signos evidentes de que por entón se produce un cambio na sociedade, na vida e a cultura. Hai un movemento no seo da idade media que leva consigo á idade moderna, movemento no que nin se destrúe todo nin se crea todo de novo.

A finais da idade media comézase a mirar cara á expansión, trazo que caracteriza á modernidade, comézase unha expansión territorial cara a sitios a penas coñecidos. Establécense neles superpoñendo a súa cultura e civilización sobre a propia dos naturais do lugar, comezando así unha occidentalización do mundo.

Agora a actividade económica concentrábase en mercados e feiras, arredor das cales se levantaron moitas cidades. Alí desenvolvíase unha nova economía monetaria, na que se refuxiaban servos, fuxitivos e os libres de baixa condición que podían subtraerse da explotación dalgún señor feudal, así foise constituíndo progresivamente unha nova e importante clase social: a burguesía. Esta nova clase social foi crecendo cada vez mais en riqueza e educación, era a clase máis ilustrada e case sempre con máis poder económico, debido á súa gran perspicacia nos negocios, ao contrario da nobreza que ao posuír a riqueza non necesitaban innovar en estratexias económicas.

Frecuentemente os burgueses eran elixidos para cumprir importantes funcións para os reis que querían organizar a súa autoridade e debido tamén a que tanto reis coma comerciantes compartían un odio cara aos señores feudais.

Non obstante, estes ricos comerciantes, poderosos manufactureiros e letrados eruditos constituíron unha clase social, que se opuxo enerxicamente ás pretensións de dominio da nobreza.

Xorde o humanismo que pode considerarse o lado intelectual de renacemento. Os seus principais centros foron, Roma, Venecia e en especial Florencia, onde o desenvolvemento político, económico e social, foi o ambiente propicio para que á xente insatisfeita se lle puidera ofrecer novas posibilidades e é así como se retoma o interese pola cultura clásica: a grecolatina.

Este renacemento foi un cambio radical na sociedade que xa non vía nin á igrexa nin a deus como o seu centro, se non ao home, de aí que o coñecemento sexa dun marcado individualismo, o home se transformou no centro da vida.

(Continúa páxina 36)

JOSE MARÍA DARRIBA

----------*A ENTREVISTA D'A VOZ DE LENDA*----------

Para celebrar o quince aniversario da publicación do primeiro número d'A Voz de Lenda decidimos entrevistar a unha das fundadoras da nosa revista. Neste número falamos con Esperanza Ponce Pinto, psicóloga, mestra e compañeira de Lenda.

Esperanza naceu en Ceuta, e veu para Galicia en 1974. Ten dous fillos e catro netos e un marido redondelán de pura cepa que sempre a apoiou en todo. Estudou tres anos de Farmacia e Madrid, Maxisterio e Psicoloxía xa en Galicia. En 1994 crea xunto con Jaime Figueroa e Pilar Pérez a Sociedade Cooperativa de Traballo Asociado Lenda, xermolo da actual Asociación Lenda.

Persoa boa e xenerosa.

A Voz de Lenda (AVL): *Como ben sabes, A Voz de Lenda cumpriu este ano quince anos dende que se publicara o seu primeiro número, ti fuches membro fundador desta, que motivos impulsou a súa creación? Cales son os obxectivos da publicación?*

Esperanza (Espe): Foi creada para que as persoas con enfermidade mental puideran dispoñer dun espazo para expresarse libremente, fomentar o traballo en equipo e potenciar un ambiente solidario e dar a coñecer á sociedade sentimentos, pensamentos e opinións de persoas que pola súa enfermidade foron tristemente enmudecidas.

AVL: *Consideras que os traballos que se poden ler reflicten a realidade que nos rodea ou só fan referencia a aspectos persoais?*

Espe: Penso que non só reflexa a realidade que noutros medios convencionais non se atreven a mostrar, senón que tamén na revista se expresa o sentir das persoas que nela escriben.

AVL: *Consideras que a revista evolucionou co paso do tempo, atopas diferenzas entre os primeiros números e os actuais?*

Espe: A revista evolucionou moi positivamente co paso do tempo, tanto na calidade dos artigos como na cantidade de páxinas.

AVL: *Botas algo en falta, en que consideras que se pode mellorar?*

Espe: Boto en falta a inxenuidade do principio, que tamén tiña o seu encanto. Éme moi difícil dicir en que se pode mellorar, quizais a nivel dos materiais, mais cor, mellor papel...

AVL: *Cada novo número vai acompañado dun acto público de presentación, lembras algún con especial cariño?*

Espe: Todos os actos tiveron o seu encanto e ao mesmo tempo unha repercusión importante. Dous que recoñezo con especial cariño son; Unha cando veu á presentación Antón Moreda e o outro cando participou Xose Luis Méndez Ferrín. O primeiro pola calidade da persoa e o segundo pola transcendencia a nivel social que supuxo.

Como xa comentamos con anterioridade Esperanza foi unha das fundadoras de Lenda e xa que este ano cumprirá 20 anos, aproveitamos para facerlle unhas preguntas sobre a Asociación.

AVL: *Sabemos que Jaime, Pili e mais ti fundastes Lenda, cales foron os motivos que vos levou a tomar esta decisión?*

Espe: Os tres estabamos moi sensibilizados coa saúde mental e ao mesmo tempo eramos conscientes da falta de recursos existentes para a recuperación das persoas con enfermidade mental.

AVL: *Consideras que na atención á saúde mental seguen existindo as mesmas carencias e necesidades que fai vinte anos?*

Espe: As mesmas non, agora hai un plan de saúde mental, que non se cumpre! Pero xa hai un plan. Existe unha federación galega de persoas con enfermidade mental con quince ou dezaseis asociacións, hai vinte anos eran tres. Como as asociacións, Lenda mal viviu con subvencións de distintas consellerías, agora as asociacións malviven con convenios precarios do Sergas.

AVL: *Os inicios foron moi duros, que diferenzas atopas entre a Lenda inicial e a actual?*

Espe: Cada vez son mais as persoas que acoden diariamente a rehabilitación ou ao centro ocupacional que antes non existía, aínda que xa estabamos a detectar a súa necesidade. E máis implicación da sociedade de Redondela no sentido de que socialmente a xente de Lenda esta mais e mellor considerada.

AVL: *Ti participaches na creación da maioría dos programas que se levan a cabo en Lenda, pódesnos falar dalgún que consideres que cumpriu de sobra cos obxectivos marcados.*

Espe: Un programa do que estou especialmente orgullosa é o das escolas de familias, pola repercusión positiva que ten no familiar con enfermidade. Outro programa é o de educación non formal no que traballabamos a comunicación, a autoestima, o estres e o seu manexo, cidadanía, etc.

AVL: *Como consideras que influíu en ti o traballo desenvolto en Lenda?*

Espe: Sobre todo teño que destacar todo o que aprendín coas persoas que traballan, tanto dos compañeiros coma dos familiares, pero sobre todo dos usuarios. A humanidade, a fortaleza, a xenerosidade, o esforzo e unha morea de calidades que xamais pensei que me ían aportar persoas con enfermidade mental.

AVL: *Sabemos que a túa xubilación foi un pouco forzada e que estiveches convalecente; Como se atopa a túa saúde ultimamente? Vai mellorando a cousa?*

Espe: Vou tirando e iso é o importante

AVL: *Que é o que máis botas en falta do traballo?*

Espe: As persoas que compoñen Lenda.

AVL: *E para finalizar, que plans de futuro tes?*

Espe: Vivir dignamente.

Como sempre foi un gran pracer compartir unha pequena chalar e un café coa nosa compañeira Esperanza.

O EQUIPO REDACTOR

"Como somos monos non procedemos do mono senón do réptil"
MANOLO TOMÉ BEN

AS MAREAS DA ÁNIMA

OS DOCES

Son inmellorables
son doces
son ricos como o mel
son o ouro branco do novo século
son o xeo
son o ceo
chámanos moito a súa dozura
son xeitosos
pero sempre nos traerán
de cabeza coa súa loucura.

ANA NIETO

UN NEMO DOS DE ANTES

O noso balón era unha lata
o noso cabalo unha cana e unha corda
o noso coche eléctrico unha rata
o noso lema, se el gaña que eu non perda
a nosa forma de entrar en razón, unha hostia
o noso xoguete preferido, a imaxinación
o noso sexo, a perna dunha muller
o noso irmán, un cabrón
o noso ceo era o verán
o noso inferno o cole
o noso inimigo aquel gran
o noso aliado, toda a prole
todo iso era noso, era antes
por que hoxe en dia hai que saír adiante
non vale ser un neno dos de antes.

JAIME VIQUEIRA



A ENREDADEIRA

Polo muíño da horta
ascende una enredadeira
o esqueleto de ferro
vai ter un vestido de seda
agora verde, azul máis tarde
cando chegue o mes de xaneiro
abriranse as campás
como puños do ceo
alma da miña xeira
quen puidera vestirse de enreda-
deira.

DAVID WHITE

RECORDOS DUNHA VIDA

Recordos de neno, crieime na casa dos meus avós, crieime con cans de caza. Recordo delitos, ir aos terreos dos veciños, ás árbores a coller froita. Recordo xogar cos cans. Recordo o paso dos trens polo viaduto de Ourense. Recordo cando lle quitaron as vías férreas e aquel mamotreto de ferro e pedra quedou ferido de gravidade.
Recordo cando vin para a casa do pobo e atopeime un parque infantil que agora xa non existe.
Recordos dun amigo. Cando os días eran aburridos e iamos á estación do ferrocarril a ver pasar os trens. Recordos da estación vella.
Recordo o paso da vida, o tempo, os anos, os meses, as semanas, os días, as horas, os minutos, os segundos...
O recordo parece existir, encóntrase no baúl dos recordos.
Todo pasa. Queda o tempo da mesma vida.

CARLOS TORRADO

OS AVÓS.

Os avós danlle moitos caprichos aos seus netos e sen darse conta os están a malcriar, eles non recibiron esas atencións cando eran nenos, por iso os enchen de xoguetes e iso non é bo para eles, xa que o día de mañá poden converterse en persoas egoístas, malas ou ruíns. Os pais tamén participan nisto e cren que fan ben dándolles todo o que piden.
Non todos os avós fan o mesmo pero é por que non teñen os suficiente cartos. Está ben que os queiran pero sen pasarse.
Os pais tampouco o fan ben, xa que, danlles moreas de xoguetes, danlles diñeiro para lambetadas e tamén teñen consolas para xogar.
Estes avós e pais son felices porque queren ver os seus pequenos contentos.

Os avós lévanos á escola e vanos recoller, danlles de comer e merendar porque os fillos e as noras van traballar, tamén os levan de vacacións, a patinaxe a natación ou a aprender a bailar ou a cantar nun coro, os avós ven como os seus netos fan teatro nunha función do colexio, as clases de ordenador. Isto está ben para que os nenos aprendan porque é bo para eles e para avós e pais, pero olló! Que aquí hai moito malcriado.

PENSAMENTOS

"Quen non quere mandar non pode ser mandado"

"O home é o único animal non racional pois é o único que cre que non é un animal"

"Coa idade a maioría dos grandes amigos da infancia e a xuventude convértense en ministros, e un como conserva aínda aquela amizade para velos terá que esperar a súa quenda no ministerio correspondente"

"A ciencia sen boa filosofía é como o corpo sen ósos, e con mala como a deformidade"

"De parte do porco: porcos son os homes senón os que producen mais lixo"

"Porque o antes era antes e o despois será despois"

"A filosofía é a arte de esmiuzar a tella de Dióxenes"

Dedicado aos litólogos:
"Viñeron do espazo e quedaron na horta. Son as miñocas"

MANOLO TOME BEN

MOSTEIRO DE SANTA MARÍA DE MONFERO

O mosteiro de Santa María de Monfero sitúase na parroquia de San Fiz de Monfero no municipio de Monfero, na provincia d' A Coruña. Sitúase nun pequeno val onde nace o río Tambre. Limita ao norte co río Eume de tal maneira que parte do seu territorio se encontra no parque natural Das Fragas do Eume. Pódese acceder dende Pontedeume, do que dista uns 21 Km., ben sexa dirección Campololgo Baroña ou ben dirección Nogueirosa Taboada. Tamén pódese chegar dende Betanzos pasando por Irixoa. Existe así mesmo, unha ruta de sendeirismo que une o mosteiro co encoro do Eume.

O mosteiro foi fundado no ano 1134 polos nobres Afonso Bermúdez e o seu sobriño Pedro Osorio. Inicialmente estivo encomendado aos bieitos de santa María de Valverde ata o ano 1147, no que se convertería á Orde do Cister de mans da Abadía de Sobrado. Levantouse entre dúas capelas de gran devoción popular na zona: a de san Marcos e a da virxe de Cela. Nos séculos seguintes consolidaron a súa xurisdición e os monarcas continúan cos seus privilexios e enriquécense con pridoazóns particulares.

A partir do século XIII comeza o crecemento da Abadía, grazas aos irmáns leagos que cultivan as granxas do ámbito monástico. Súmanse tamén as rendas dos bens que foron adquirindo e engrandecendo o seu patrimonio, co tempo esta expansión extras muros deu orixe ao enfrontamento cos señores feudais polo dominio das súas terras. Destacan púgnalas con Aras Pardo e os Andrade, sendo necesario, no século XIV a intervención do poder real; este dirimiu a favor da soberanía dos monxes.

O castelán Afonso Bermúdez ordena a reconstrución en 1114 da ermida de san Marcos para poder esconder aos seus irmáns Sueiro e Froila, que apuñalaran o mordomo de dona Urraca. Logo o rei Afonso VII mandou converter a ermida en mosteiro. Non obstante os primeiros documentos escritos datan do ano 1135 e poucos anos despois se incorporou á Orde do Císter (1141 ou segundo outros historiadores no 1201). No século XIII cando se lanzan á fama os códices e a arte dos seus escribáns é cando o mosteiro empeza a crece grazas ás doazóns recibidas, é aquí cando comeza unha historia de enfrontamento e asasinatos como a morte do seu abade no camiño próximo, ou no século XV o asasinato de dous clérigos á porta do mosteiro. A partir do ano 1506 pasa a formar parte da congregación castelá e é cando empeza a decadencia do cenobio ao igual que de case todas os mosteiros galegos, debido, á presión dos novos señores feudais casteláns que acaparaban todo o poder e a riqueza galega.

Foi creado a partir do fundamento románico da súa época, pero no século XVII (1622-1656) se derruba a antiga igrexa e construíuse a actual de estilo barroco que combina a pedra con lousa, e que nos mostra un aspecto característico de axedrezado. Comeza a obra o escultor Simón Monasterio pero non puido concluíla xa que morreu dous anos despois.

A desamortización de Mendizábal rematou co pouco poder co que contaba o mosteiro. No ano 1735 abandonouse definitivamente.

JUAN ÁLVAREZ

O ENTROIDO.

Mentres escribo estas poucas liñas, atopámonos na época do carnaval na que todos se disfrazan e gozan comendo orellas e filloas. Durante toda a miña vida disfraceime no colexio e participei nalgunha comparsa. No meu pobo, Mondariz, celébrase o Entroido con carrozas e comparsas que elabora a xente do pobo durante todo o ano. Hai carrozas de todo tipo, dende as máis divertidas ata as máis reivindicativas. Finalmente dáselle o premio á carroza gañadora. Levo vendo os carnavais en Mondariz dende que era pequeno e resúltame divertido ver a xente que coñezo disfrazada.

Estes últimos anos non me disfracei porque non me apetecía pero gústame ver as miñas sobriñas disfrazadas.

BRAIS

DÉCADA E MEDIA
II

A internet era moi nova fai década e media. Nos éramos mais mozos fai década e media. Fai década e media todo era de outra maneira, non sei se mellor ou peor, pero iso si, eramos nós coas nosas ledicias, coas nosas formas de facer as cousas.
Pasaron quince anos contando as batallas que nos fixeron mellores ou menos malos. Fai década e media eu era un pouco mais perseguido polo meu humor fácil, negro, verde ou amarelo, pero era humor, mais ou menos coma hoxe en día. Os vellos chistes os transformo en novos e os novos en vellos. A vida con humor lévase mellor.
Cantos anos mellorando día a día porque en década e media da tempo a facer moitas cousas. Fai década e media os nenos xogaban na rúa e a min encantábame velos troulear, darlle patadas a unha pelota ou sinxelamente velos correr polos xardíns, Xardíns que por esta época reverdecían coa primavera.
A vida con humor levase mellor dixo Jaime Viqueira fai década e media.

JAIME VIQUEIRA

COÑECE ROMANÍA
UN PEQUENO PARAÍSO



É imposible describirvos Romanía nunha frase. Cada afirmación ten que ser acompañada dun "pero" destinado a matizar unha personalidade que ten numerosos aspectos. Uns aspectos que seguen sorprendendo mesmo aos seus habitantes. Os Cárpatos, o Mar Negro, o Delta do Danubio, os mosteiros do norte de Moldavia, as tradicións milenarios da rexión de Havasunres. Transilvania coa lenda de Drácula, os viños famosos, a cociña tradicional e sobre todo a hospitalidade dos seus habitantes, todo isto significa Romanía. Un país no que un se pode relaxar no litoral, pode subir á soidade da montaña ou baixar a cavernas profundas, pode explorar o Delta de Danubio, ou descansar nunha facenda tradicional, gozando do sabor das comidas e deleitándose cos viños de aromas únicos.
Romanía é unha illa de latinidade no sueste de Europa. A súa lingua oficial é o romanés, de orixe latina, e ten unha poboación próxima aos 22 millóns de habitantes dos cales aproximadamente 2,5 viven na capital, Bucarest. A moeda é o Leu, en plural Leus, e utilízase o sistema métrico decimal.

Romanía goza dun clima morno continental. En verán as temperaturas varían entre os 22 e 24ºC, podéndose alcanzar nalgún punto en concreto os 38ºC. En inverno a temperatura media é de -3ºC podendo chegar ata os -30ºC.
A maioría da poboación é cristiá ortodoxa.

IAMANDI GABRIEL COSTIN

AS MAREAS DA ÁNIMA

CORENTA E TANTOS

No ocaso da xuventude
aparece a dubida xenerosa
como cachola de avestruz
que se planta na terra
como unha rosa
que seus pétalos pecha.

Busca a saída a ese enterro
loita entre dous homes
con sabres de ferro
pola conquista desa xuventude
que ás damas trouxo cores.

Os homes dos corenta somo pobres
cartas sen sobres...homes sen torres.

JAIME VIQUEIRA



O CINTO

Cinto que apertas as carnes
que comes o pantalón
que andas de arriba abaixo
que tensas e destensas
o teu ánimo é severo
o teu suborno é o feito
a túa é a admiración
es o noso cinto.

ANA NIETO

"PRADIANTE"

Dúas cervexas e unha volta ao mundo
farante deixar de ser un círculo pechado
anda, anda e percorre a vida de cento vinte anos
galegos, andaluces, vascos, asturiano e aragoneses
todos, todos che axudan cos seus quentes panos.
Esperanzas e maneiras positivas son cousas correctas
fai do teu pelo esa coleta, esa maleta baleira
para enchela no camiño da virxe María; e o seu fillo
que sempre te dixo "o amor aos demais farache mellor".
Dúas cervexas e unha volta ao mundo exterior
faravos sentirse moito mellor a vida
a vida terá outro sabor, outra cor mais vivo e positivo.
Tirar "pradiante" e ser constante
levanta a cabeza e a alma
sempre arriba e "pradiante".

JAIME VIQUEIRA

OS ESTÉVEZ: FISIOLOXÍA E OUTROS VICIOS
CAPÍTULO V.

(Ven da páxina 17)
A fisioloxía dos Estévez é tan complicada que un entomólogo os clasificaría como insectos, un botánico como vexetais e un xeólogo como rochas pois nas súas células están presentes o sílice, a serpentina, o cuarzo e a prateada mica; a clorofila e a quitina das súas peles e o corpo articulado coas súas seis patas denotan a súa esencia de insecto.
Os seus corpos están recubertos de abundantes algas simbióticas, a xeito de pelos, que os axudan a realizar a fotosíntese, e cando se achegan á estrela adoitan caérselles para evitar a transpiración excesiva. Non as perden en outono, pois non coñecen esta estación tan grata aos terrestres. Coidan con sumo tento das súas longas cabeleiras, sempre segundo o mandato da inconstante moda. Cando chega a vellez ambos os dous sexos son propensos á calvicie, característica que agre o seu carácter e é causa de desvaríos e de presións.
Practican a tatuaxe e non dubidan en amputarse algún membro para estar á última. Claro que nisto avantaxan aos terrestres xa que os seus corpos teñen a facultade de rexenerar os membros perdidos.
Teñen ollos telescópicos, moi parecidos aos dos camaleóns, dunha cor que non existe na Terra, polo demais as súas cabezas son tan variables como as dos insectos, só diferéncianse destas nas súas longas orellas de raposo de cor azul celeste.
Cando se cortan, segundo a estación, perden sangue ou zume.
Teñen seis corazóns, catro cerebros dispersos polo seu tórax e abdome e na cabeza algo similar aos nosos pulmóns. Os seus órganos sexuais son tema a parte, que desvelarei máis adiante.
Teñen moega e dentes incualificables. O seu estómago é extraordinariamente pequeno. Carecen de riles, fígado, páncreas e demais órganos humanos, e en canto ao seu aparato excretor, os meus pobres coñecementos no campo da bioloxía non me permiten describilo con propiedade.
En fin que tamén neste campo nos cegan coa súa variedade, graza e exotismo.

(Continúa no nº29 d'A Voz de Lenda)

MANOLO TOME BEN

OS MOZOS

Os mozos comportábanse hai anos como bos rapaces xa que só andaban detrás das rapazas e non lle facían dano a ninguén. Non como agora que só se preocupan por ter un bo traballo e divertirse, ter un coche ou ter unha boa moto. Respectaban aos maiores e os que teñen negocios. Non todos se comportan así aínda que algúns andaban en malas compañías que os levan polo mal camiño, como andar coas drogas, isto xa é vello, este tema xa o saben. Todos os mozos de hoxe en día compórtanse como animais coa xente que ten negocios ou coa xente maior, cren que son os reis do mundo porque poden facer o que lle dá a gana xa que entran no cárcere como Pedro pola súa casa. A xustiza lles pon pouca condena e así fan o que queren, algúns reciben moita condena e outros non. Antes todo era distinto porque todos recibían unha condena mais alta que outros, pero todos aprendía o castigo e non volvían facelo, pero non todos quedaban satisfeitos e volvían facelo coma se iso lles dera pracer. Hoxe en día isto pasa todos os días e a xente ri por que lles fai graza, coma se soubesen os que son os que lles fan isto. E eu non comprendo como ri esta xente coma se non lles importase que lles atraquen, parece que o fan para saír nos xornais ou na tele. Isto non lles beneficia nada, só dan fama aos atracadores que o pasan moi ben facendo estas cousas e non por necesidade, senón, por amolar a xente que si o necesita, e por facer dano e divertirse facendo isto.

ELISA

"O burro vai debaixo e o asno sempre enriba"
MANOLO TOMÉ BEN

En 1994 estabamos coa crise dos noventa, eran tempos difíciles pero podíase vivir se non tiñas reparo cos traballos. Non é que houbese moito traballo pero se non escollías moito tiñas que facer. O presidente era Felipe González e andaba ás voltas co adianto das eleccións. Criticábano moito e achacábaselle a mala situación económica. Iugoslavia estaba en guerra, unha guerra civil entre cristiáns e musulmáns, o mal do século XXI. Eu tiña que cumprir o servizo militar. Nove meses, destináronme ao Ferrol con 19 anos. Non son dos que sufrían por cumprir o servizo aínda que participase en marchas pola insubmisión por que non cría no servizo obrigatorio. O conflito dos Balcáns chamábame moito a atención e despois de rematar a instrución enroleime nunha fragata que ía ao mar Adriático. Ao principio pasei un pouco de medo. Buratos nos edificios da costa, explosións e moita maquinaria bélica. Tiñamos a misión de impedir o trafico de armas e combustible naquela costa pero os medios dos que dispoñiamos non servían de moito. Os traficantes de armas facían os mellores negocios e nós non podiamos impedir que centos de embarcacións rápidas se risen de nós todas as semanas. As lanchas rápidas dos contrabandistas no horizonte ou a escuma que levantaban foi todo o mais parecido que lle puiden ver ao inimigo. Algunha abordaxe fixemos pero nunca encontramos armas. Os únicos barcos que chegamos a abordar eran carguei-ros vellos que levaban gran para dar de comer á xente. Ao ano seguinte a guerra rematou e o meu servizo retamén. A crise continuaba e no 96 Aznar chego á presidente, daquela a fronteira con Portugal xa se podía pasar sen controis aduaneiros grazas á UE. Estrañoume cando Felipe perdeu contra o Sr.Aznar. Nese momento non, pero despois si que notei algunhas das súas mudanzas coas novas leis do goberno. Sufrímolo cando quitaron as redencións e as cambiaron por beneficios. Agora os beneficios non son un dereito e se lles parece ben aplícanos e se non aí quedas. No 98 entrei no cárcere cun brote deses que tantos de nós coñecemos e estiven moito tempo na enfermaría. No 2000 tiñan pensado poñer en marcha o euro, pero non foi, tivemos que esperar ao ano seguinte. Eu aínda estaba no cárcere pero gustoume moito a entrada do euro. Sentinme cidadán dun país moito mais grande. O que me molestaba era que non ía viaxar moito por Europa ata que rematase a condena. E chegou o 2001, nos Estados Unidos, Bill Clinton non chegou a renovar a presidencia por que o pillaron cunha bolseira debaixo da mesa, a señorita Lewinski, entón o Sr. Bush fillo chegou ao poder do país mais poderoso do mundo. E como todos recordardes as relacións internacionais cambiaron ao caer o World Trade en Nova York. Alá empezaron a falar os xefes de que iso non podía ser e armouse unha de carallo.

Mais de vinte países acordaron invadir oriente e alí seguen hoxe en día. No 2004 tamén levamos nós un pau de carallo por mandar tropas a oriente. Explotaron dous trens en Madrid e o señor Rajoy quedou ás portas da presidencia. Gañou Zapatero e os nosos soldados abandonaron Iraq, un dos países no que tiñamos tropas. Creo recordar que por brindar o noso apoio os Estados Unidos nese conflito chegamos a ter dereito a viaxar alí sen visado, cousa que perdemos ao marchar de Iraq. E á volta das tropas coas présas contrataron un avión ruso moi vello e este estrelouse en Turquía con máis dun cento de soldados. A xente na rúa botáballe a culpa ao señor Trillo pero este librouse da festa, non como agora que hai algún dos xefes do país no cárcere. No 2005 Fraga perdeu o monopolio de Galicia e un tímido Touriño e o BNG estiveron de xefes na famosa Galicia sempre de dereitas. Durante este tempo pasaron moitas cousas como que os modelos dos móbiles melloraban cada tres meses e a xente non paraba de compralos. Eu penso que cada galego debía ter de media uns tres móbiles. As liñas de teléfono fixo perderon impulso e agora moita xente comunícase tan só co móbil. Aquí no cárcere co novo século chegaron as terapias, de móbiles nada de nada. Terapias para maltratadores, para xente violenta e agresores sexuais. As leis cambiaron tamén para as mulleres co novo século. O Sr. Zapatero deulle presenza no seu goberno a un 50% de mulleres e intentou que as empresas lles desen mais postos de responsabilidade. Tamén co estado do benestar para que os enfermos e os maiores tivesen mais coidados. No 2007 chegou a crise aos Estados Unidos da man dos bonos lixo e proxectos ultra caros de tipo financeiro que pasaron a ser de risco a ser de lixo e lastrou a economía. Ata o 2008 non chegou a España, fíxoo a modiño pero sen parar e ata agora non deixou de molestarnos. Pola crise perdemos dereitos, axudas, etc. Din que estamos a recuperarnos pero vai ser un proceso lento. Se é verdade aínda que sexa lento seria bo. Pero hai moita xente pasándoo mal con traballos mal pagado e por debaixo da cualificación laboral. No 2010 caeu un paxaro, os americanos encontraron a Bin Landen no Paquistán e matárono. Enterrárono nun lugar secreto, botárono ao mar, sabe deus onde, iso si, despois de facerlle as probas de ADN. Eu nese ano quedei sen pensión pola crise, e por ir á escola e chegar á universidade, non sei, atopei un traballo aquí en prisión. Me dedico dende o 2010 a lavar roupa, non é a primeira vez que traballo nisto xa o fixera no 90. É un traballo como outro, pois dá traballo, en 2012 coñecín a Lenda e traballo con eles ese asunto da enfermidade mental. Os médicos levan anos dicindo que son un enfermo pero vexo que non ía moito mais alá de ser un pouco inútil. Con Lenda aprendín un pouco mais e estoulles moi agradecido.

MANUEL E. SUAREZ BARBOSA

AS MAREAS DA ÁNIMA

15 ANOS

Quince anos como quince soles
quince anos como quince flores
quince anos como quince nubes
quince anos como quince mares
quince anos como quince doces
quince anos como quince peixes
quince anos como quince dentes
quince anos como quince narices
quince anos como quince corazóns
quince anos como quince pescadores
quince anos como quince montes
quince anos como quince loitadores.

En todos estes anos
revista tras revista
dende fai quince anos
como unha gran artista.

DAVID WHITE

SOLIDARIEDADE

Cando a todos das as mans
cando das un fermoso bico
cando para ti todos somos irmáns
cando todo é grazas a iso
é o mellor que hai
e é mellor ca felicidade
ata nunha desgraza dirás “miña nai”
pois iso é a solidariedade.

Nada o supera en cantidade e calidade
ser solidario non costa nada
poder dar o que non tes
a solidariedade é como una fermosa fada
túas axudas son teus mellores bens
se solidario e serás extraordinario.

Faino...
e a diario.

JAIME VIQUEIRA

AQUÍ ESTOU DE VOLTA

Despois de quince anos
aquí me vedes
aquí estou de volta
con cacho de queixo e un de rosca.

JAIME VIQUEIRA

O CLUB DOS 27
CAPÍTULO I
HENDRIX

Este é un club moi selecto de músicos que está aberto as vinte e catro horas do día, non ten porteiro que impida a entrada e tampouco se debe pagar consumo mínimo. Así é como se denomina un grupo de músicos que comparten unha singularidade: ter morto aos 27 anos.
A lista orixinal inclúe dende ao músico de blues Robert Johnson,considerado o primeiro membro do grupo, ata Amy Winehouse, a última celebridade en falecer a esa idade e polo tanto ingresar neste selecto club.
O nos primeiro capítulo vai dedicado a Jimi Hendrix.

James Marshall Hendrix naceu en Seattle, Estados Unidos, o 27 de novembro de 1942. Hendrix está considerado como un dos músicos máis importantes do século XX. Musicalmente esta influído polo "rock'n'roll" e o blues eléctrico americano. É citado frecuentemente como o mais grande guitarrista da historia do R&R.
Coa "The Jimy Hendrix Expirience" gravou tres álbums de estudo: Are you experienced?; Axe: Bold as love; Electric Ladyland. No ano 2003 a revista Rolling Stone elixiuno como o mellor guitarrista de todos os tempos e no 2004 incluíuno na súa lista dos mellores artistas de toda a historia. No 2009 a revista Time situouno como o mellor guitarrista de guitarra eléctrica da historia.
A chegada ao éxito produciuse en 1964 cando Hendrix formou parte da banda dos Isley Brothers nunha xira a través de todo EUA incluídos os locais da Chitlin Circuit. En Nasville deixou aos Isley Brothers para sumarse como guitarrista ao grupo de Gorgeus George Odell; en Atlanta formou parte dos Upsetters, grupo soporte de Little Richard.
En 1965 Hendrix uniuse á banda neoiorquina Curtis Knight and the Squires.
O 15 de Outubro de 1965 Jimy obtén un contrato discográfico de tres anos de duración con Ed Chaplin.
En1966 Hendrix forma o seu primeiro grupo co nome de Jimy James and the Blue Flames.
Durante este período comezou a consumir marihuana e LSD. Hendrix esforzouse para elaborar unha versión propia de "Hey Joe". O resultado entusiasmou a Chandler ata o punto de levar o guitarrista a Londres para asinar un contrato co soporte do apoderado saínte de The Animals, Michael Jeffrey. O paso sucesivo sería achegarlle uns músicos axeitados e os personaxes elixidos para ese fin foron o guitarrista Noel Redding, relegado a tocar o baixo e Mitch Mitchell á batería. Nacera a Jimy Hendrix Esperience. O son do trío revelouse como unha novidade absoluta; dende as primeiras exhibicións en Europa, ás visionarias escaladas sonoras de Hendrix sostidas pola furiosa batería de Mitchell e das liñas esenciais do baixo de Redding, creando unha enorme impresión no mundo da música.

Hendrix en compañía do guitarrista dos Rolling Stones, Brian Jones, outro dos membros do club.

En maio de 1967, editouse o primeiro album, Are You Experienced? e obtivo unha excelente resposta de vendas no vello continente. Neste mesmo ano o grupo foi invitado á histórica edición do Monterey International Pop Festival. Ademais da importante repercusión que o evento tería en todo o país norteamericano, a súa actuación seria inmortalizada nun documental sobre o festival. Xa a finais de ano viu a saída de Axis: "Bold ás love" caracterizado por sons menos ásperos e mais próximos ao funk de James Brown, blues e rhythm and blues.
A xestación do último LP de estudo de Hendrix, o álbum dobre Electric Ladyland, foi tamén problemática debido ao esaxerado perfeccionismo de Hendrix.
No festival de Woodstok de 1969 a actuación de Jimy Hendrix converteuse no símbolo do festival. Hendrix tamén actuaría en Agosto do ano seguinte na edición de Woodstok na illa de White.
O 18 de setembro de 1970, en Londres, aos 27 anos, falecía James Marshall Hendrix.

ALBERTO LAGO

HISTORIA DAS IDADES
ASPECTO SOCIAL DA IDADE MODERNA
CAPÍTULO II

(Ven da páxina 23)

Podiamos dicir que a sociedade se tornou individualista e competitiva, na busca do luxo e a riqueza, no "xurdimento" da vaidade, xa que se abandonou o anonimato medieval e xorde un afán de gloria mundana. O ideal do home era moi parecido ao grego, e o coidado polo externo fíxose vital, sobre todo nas mulleres (estas últimas puideron ter acceso a educación nas clases máis adiñeiradas).
Na sociedade renacentista podemos descubrir tres clases sociais: a nobreza, a burguesía e os campesiños, estes últimos eran os mais desamparados e empobrecidos debido aos altos impostos e arrendos.



Jean Calvino.

É nesta época cando xorde o capitalismo, sistema que aumenta a riqueza dos comerciantes e deixa aos pobres igual ou máis pobres, isto acomodábase perfectamente ao individualismo e afán de luxo antes mencionado. O diñeiro esta nas mans duns poucos e convertidos en capital, invístese noutro negocio acrecentando o que xa se ten.

O descubrimento de América foi outro fito importante. O feito de saber da existencia doutras sociedades, fai que os europeos cuestionasen a súa propia sociedade. Máis aínda, decátanse que culturas como a inca ou azteca eran iguais ou mellores que as europeas.
É neste "novo continente" onde a igrexa comete un exceso tras outro, á par dos que cometía en Europa. As inxustizas da inquisición e a venda de décimos eran un dos factores que manifestaban a corrupción desta institución. Non obstante o poder e a influencia que a igrexa mantiña xa non era a mesma; agora era cuestionable.

Martin Lutero.

É así como a sociedade, vese enfrontada ás propostas de Lutero e Calvino, xurdindo o protestantismo, idea que influíu profundamente en gran parte de Europa.
Pasan os anos (século XVIII) e as monarquías son agora absolutistas. Xorde o despotismo ilustrado "todo para o pobo, pero sen o pobo". Paralelamente xorde a ilustración, movemento que pretendía baixo o amparo da razón construír un mundo novo e mellor, este pensamento derivou no desenvolvemento dun espírito crítico que levou a dubidar de toda a existencia preparándose así o camiño para profundos cambios políticos, sociais e económicos. Expoñentes destes movementos son Locke, Montesquieu e Rousseau.

A nobreza durante todo este período foi a clase gobernante e gozaba dunha serie de privilexios. No outro extremo encontrábanse os traballadores da terra que gañaban só o necesario para subsistir, o que os mantiña atados á miseria. No medio estaba a burguesía consciente do seu poder e aspirando a ter as renda dos estados. A burguesía era a que impoñía as ideas e as modas, mesmo á aristocracia.
Neste mesmo século e motivado pola expansión inglesa, EUA comeza o seu período de expansión, que trae consigo os ideais ilustrados, entre eles a división dos poderes do estado.

En tanto, en Francia, o sistema estamental baseado nos privilexios e as desigualdades ante a lei, polarizaba a sociedade francesa. As condicións de vida, o status e os dereitos que se lles recoñecían ás persoas estaban determinados polo estamento ao que pertencían por nacemento. En resumo, as profundas contradicións sociais eran, evidentemente, insostibles, intolerantes e anacrónicas. É así como as ideas ilustradas e a recente independencia de EUA, entre outras cousas, foron o xerme da Revolución Francesa, a burguesía guiou ao estado chairo no camiño dos profundos cambios sociais que querían lograr.



Os revolucionarios franceses dandolle uso a guillotina .

Entre as consecuencias da Revolución de 1789 podemos citar que se creou a primeira República Francesa, se impulsou un gran desenvolvemento da educación e creouse a Declaración dos Dereitos do Home e do Cidadán. Á súa vez, a Revolución tivo repercusión en toda Europa polos contidos ideolóxicos que impulsaba e tivo no vello continente consecuencias decisivas.

JOSE MARÍA DARRIBA

AUGUSTA ADA KING

Condesa de Lovelace, nacida Augusta Ada Byron (Londres 10 de Decembro de 1815; Londres 27 de Novembro de 1852). Coñecida habitualmente como Ada Lovelace, foi matemática e escritora británica coñecida principalmente polo seu traballo sobre a máquina calculadora mecánica do seu uso xeral de Charles Babbage, a Máquina analítica. Entre as súas notas sobre a máquina atopase o que e recoñecese hoxe como o primeiro algoritmo destinado a ser procesado por unha máquina.Como consecuencia, descríbese a miúdo como a primeira programadora de ordenadores. Deduciu e previu a capacidade dos ordenadores para ir máis ala dos simples cálculos de números, mentres que outros, incluído o propio Babbage, centráronse unicamente en estas capacidades.O seu pai foi o coñecido poeta Lord Byron.

Lovelace naceu o 10 de decembro como a única filla lexítima do poeta George Gordon Byron, e a súa esposa a baronesa Anne Isabella Byron.Todos os fillos de Lord Byron naceron fora do matrimonio. Byron separouse da súa esposa un mes despois do nacemento de Ada, deixou Inglaterra definitivamente catro meses despois, faleceu por enfermidade durante guerra da independencia de Grecia cando Ada contaba con oito anos de idade.A nai de Ada mantivo o rancor respecto a Lord Byron e promoveu o interese de Ada nas matemáticas e lóxica como esforzo para apartala de que desenrólase o que ela vía como un carácter insán no seu pai, pero Ada mantivo o interese nel a pesar disto (e tras a súa morte foi enterrada xunto a ela a petición súa). Ela referíase a si mesma como unha científica poetisa e como analista (e metafísica). Durante a súa idade adulta temperá, o seu talento matemático conduciuna a unha relación e amizade prolongadas co seu colega matemático inglés Charles Babbage, e concretamente coa obra de Babbage sobre a máquina analítica.

Entre 1842 e 1843, traduzo un articulo do enxeñeiro militar italiano Luigi Menabrea sobre a máquina, que completou cun amplo conxunto de notas propias, denominadas simplemente Notas. Estas notas conteñen o que se considera como o primeiro programa de ordenador isto é, un algoritmo codificado para unha máquina que o procese. As notas de Lovelace son importantes na historia dos orixes da computación. Tamén desenrrolou unha visión sobre as capacidades dos ordenadores de ir máis alá duns simples cálculos numéricos mentres que outros, entre eles o propio Babbage, concentráronse soamente nestas posibilidades.

"O Pai de Ada Lovelace tiña Trastorno Bipolar"

Ela morreu con 36 anos de cancro de útero e tivo fillos co conde Lovelace.

ADA ESCONTRELA

A CIDADE DOS TRES DRAGÓNS DE AUGA.

CAPÍTULO I

Todas as mañás érgome e vou á Cidade dos Tres Dragóns de Auga.
Son un home alto, robusto, louro cun ollo azul e outro verde, contrariedade que me distingue dos demais ás veces para ben e as máis para mal.
O mito relata que o gran dragón naceu dun pexego cando os séculos non tiñan nome. É un río de auga abundante e cor estelar. Nas súas augas nadan anguías voraces do grosor dunha coxa, o longo dunha anaconda e sabor á harmonía, e flotan na época da sazón, saborosos melocotóns que as augas arrastran dende o seu nacemento na incomparable Montaña do Sono.
Na desembocadura únenselle os dous pequenos dragóns. Primeiro o Alba, cuxas limosas augas teñen a propiedade de compoñer fermosas e rústicas cancións, e despois o Mazá que en vez de auga leva saborosa sidra para delicia dos borrachos e moscas da froita e clorofila de calquera especie. O seu delta forma un verxel onde ondean eneas, carrizos e namóranse os lirios con lagoas que se abrazan con brazos sinuosos de limo antigo. Alí pódese ver camiñar á xacana sobre os nenúfares. Femia bela e dominante sempre ao axexo do seu harén de machos, que maternais incuban dispersos entre a vexetación, mentres os territoriais hipopótamos practican o seu bocexo de ameaza.
Máis alá un mar, escuro e proceloso devorador de naves e misterios, bate as súas augas contra a roca granítica.

Unha das primeiras imaxes que se ten da Cidade dos Tres Dragóns de Auga.

A pesar dos anos transcorridos aínda recordo con nostalxia iniciática aquel primeiro día. Aterecido na parada, mentres o frío xaneiro facía castanexar os dentes e o pensamento entretíñase na contemplación dos balcóns durmidos.
Ao subir no autobús fun atrapado por un ambiente bulicioso de día de mercado, robustas campesiñas de meixelas nacaradas asían volátiles galináceas e cestas de sardiñas. Recordaban o grande océano entre as animadas conversacións das vendedoras e os últimos bocexos dos escolares, cuxas pequenas mans abrían ventás no bafo dos cristais.
Imiteinos e descubrín ao frío inverno vestindo co seu manto branco os durmidos viñedos, as fermosas copas das ameixeiras e o lenzo de neve debuxando coas pegadas da raposa, delatando os seus andares nocturnos. Sobre unha zoca un galo cantou e espertou a mañá, mentres a radio do bus vomitaba cancións mortas.
No aire flotaba unha densa néboa matutina que, como despois descubriría, é característica desta rexión. Reino de auga e de homes aos que só lles faltan as galadas para converterse en habitantes das augas.O traxecto, a pesar da radio, foi curto, apenas media hora. Baixei devagar, meditando cada paso coma se me encontrase nun planeta afastado. O primeiro que encontraron os meus ollos foi un plano da cidade no que era posible distinguir a forma desta. Polbo de oito rúas movidas por un sistema hidráulico e unha enorme cabeza na que se encontra o Concello, o Parque do Cego e a Catedral das Sombras, unida por unha ponte subterránea a un cemiterio de mofo e granito milenario.

Os seus habitantes son mariñeiros, campesiños ou vilegos. Son, pois, bastante diferentes nas súas ocupacións, vestimentas e culturas. Os nenos, como en tantas culturas, son os encargados de vixiar o gando, unha raza de hipopótamos pigmeos sobre os que cabalgan armados cun arpón con punta de obsidiana. Estes bochudos cabalos de río dan excelente leite e carne. Ademais, ao curar a súa pel obtense un material de extrema dureza cós seus usos prácticos.

Esquecíaseme contar que os paisanos teñen a pel azul, ollos ambarinos, longos corpos e un temperamento apracible e aberto ao foráneo. Pero isto non sempre foi así. No pasado practicaban a pirataría da costa, incendiando falsos faros nas noites de tormenta, que provocaban o afundimento de buques e a morte inmisiricordi das súas tripulacións e pasaxeiros. Aínda durante a última guerra, un globo que tivo que realizar unha aterraxe de emerxencia na praia, foi asaltado e a súa aeronauta loura logrou salvar a vida disparando ao "tuntún". Cando volveu acompañada dos xendarmes, da súa propiedade non quedaba nin o aire.

Este sentimento de propiedade do que o mar bota ás praias do Averno e a Mala, os fai percorrelas en busca de despoxos, xa sexa peixes lúa, baleas douradas ou pecios inesperados froito dalgún golpe de mar, madeiras, etc. Tamén son hábiles mariñeiros aínda que o seu mar non sexa doado, pois nel se dá o fenómeno da barra, que ata o descubrimento do barco de vapor facía as súas costas inaccesibles.

Gustan de ir mariscar, pescar á cana ou á rémora. Para esta última conseguen o peixe e sóltano atado cun cordel e só ten que esperar a que este se asente sobre un peixe ou unha tartaruga para recollelo sen temor de que escape a presa.



(Continúa no nº 29 d'A Voz de Lenda)

MANOLO TOMÉ BEN

MOSTEIRO DE CAAVEIRO

Situado no corazón dás fragas do Eume, nun promontorio sobre o río Eume, o mosteiro de san Xoan de Caaveiro foi fundado no século IX por san Rosendo na vila de Caaveiro, de aquí o seu nome, para acoller aos numerosos anacoretas que vivían dispersos pola zona.

A súa historia é a propia historia das Fragas do Eume. Primeiro foi mosteiro beneditino alto medieval vinculado ás familias de Traba e Andrade, pero pronto, importantes doazóns en-
grandecen o seu patrimonio recibindo a maior parte das terras cultivables da ri-
beira dereita do Eume, pasando así, a ser colexiata. Non se coñece con exactitude
en que data se converteu o antigo mostei- ro bieito na real colexiata agustiniana.
Por varios documentos do século XIII sabemos que no convento xa estaban o
Cóengos Regulares de san Agustín, pois non se menciona ao abade e a móllelos
sometidos a observancia de Regra Bene- ditina, como nos privilexios de Afonso
VII e Fernando II.

Tivo este cenobio grande influencia en toda a bisbarra de Pontedeume como se
pode comprobar, no ano 1107 Afonso VII doou ao abade Pedro e aos monxes
de Caaveiro todas as posesións e xurisdi- ción sobre vilas e freguesías nas que es-
taba asentado o mosteiro. Tamén logra quedar exento da autoridade do arcebispado de Compostela. Obtén así o cenobio gran poder alcanzando a súa igrexa a categoría de Real Colexiata (con seis cóengos) que conservará ata finais do século XVIII, época na que tras quedar abandonado, queda ao coidado dun caseiro e inicia así a súa decadencia e deterioración.

A crise chega cando rematando o século XIX con motivo da desamortización do 1849, sae a poxa e é adquirido por Pío García Espinosa, consegue unha autorización do Arcebispado de Compostela para restauralo. Encárgallo ao técnico López Ferreiro, e derruba para acometer a restauración a casa dianteira e a igrexa prioral, edifica un pavillón ameado e reconstrúe a capela de Santa Cabicha.

Os restos máis antigos son do século XII, destacando a igrexa que se levanta sobre un montículo moi escarpado que obrigou aos seus construtores a salvar os desniveis do terreo por medio de altos muros con contrafortes e estanzas subterráneas. O templo románico consérvase en bo estado, tanto a cabeceira coma boa parte da nave. Queda tamén en pé un fermoso campanario barroco do século XVIII obra da escola de Simón Rodríguez, e o fogar dos cóengos e as cociñas do mosteiro tamén se conservan aceptablemente.

JUAN ÁLVAREZ

EUROCOPA DE FÚTBOL ALEMAÑA 1972

A cuarta edición da Eurocopa non decepcionou. A competición conseguira granxearse un nivel importante no mundo futbolístico. E ningún país quería faltar á cita. O formato do torneo desenvolveuse igual que na edición anterior. Un total de oito grupos, clasificándose o primeiro para a disputa dos cuartos de final. Logo, as semifinais e a final serían acollidas por un único país.

Antes de comezar o torneo, dúas das favoritas eran Alemaña e Italia. Alemaña era a máis temida para gañar a competición. Italia non tivo opción para clasificarse para semifinais, ao ser eliminada por Bélxica en cuartos de final no partido de volta por 2-1.

Alemaña tiña un grande equipo, a Eurocopa do 72 foi o punto máis álxido daquela xeración marabillosa de xogadores. Helmut Schon levaba a batuta que alcanzou a perfección na eliminatoria de cuartos de final.

A base da selección formábana xogadores do Borussia Münchengladbach e o Bayern de Múnic. A figura indiscutible era Franz Beckenbauer, o inventor dunha nova demarcación. Dende a súa posición de libre construíu o xogo que dominou a formulación de todos os seus opoñentes. Era outro fútbol. Moitos espazos e unha total liberdade de movemento. Non só brillou "o Kaiser". Tamén destacou Breitner, un lateral que actuaba como desequilibrante extremo. O equilibrio outorgábao un efectivo mediocentro como Wimmer. Outra xoia era Hoenness, un centrocampista ao que se lle truncou a súa carreira aos 27 anos por unha lesión. A máxima expresión ofensiva do equipo era Günter Netzer, un mediapunta cunha excelente visión de xogo e unha técnica exquisita. En ataque despuntaba Heynckes, aínda que estaba eclipsado por unha máquina de facer goles: Gerd Müller.

Alemaña deixou en evidencia en Wembley, na eliminatoria de cuartos de final a Inglaterra (1-3), nun dos mellores partidos que se recordan. Alemaña exhibiu un xogo combinativo e brillante. No partido de volta, o resultado foi de 0-0.

Os organizadores decidiron que a fase final se xogase en Bélxica. Á fase final, ademais de Bélxica, chegou a Unión Soviética, por cuarta vez consecutiva, Hungría, e a xa mencionada Alemaña. A Unión Soviética vencera a Iugoslavia en cuartos de final. Hungría fixo o propio con Romanía. Na eliminatoria contra Italia, Bélxica quedou sen o seu gran centrocampista Wilfried Van Moer, ao fracturar unha perna.

Bélxica non soubo aproveitar a vantaxe de xogar na casa para gañar o campionato como así fixeron no seu día España e Italia. Caeu en semifinais 2-1 contra Alemaña, con dous goles de Müller. A República Federal Alemana enfrontouse no que ía a se un gran partido á correúda Unión Soviética, que gañara a Hungría cun gol de Anatoli Konkov. Non foi así, e Alemaña arrasou á Unión Soviética, cun claro 3-0, poñendo fin á hexemonía desta. O xogador de Alemania Wimmer dixo: "Todos loitamos moito. Tivemos unha conexión perfecta e unha grande harmonía. No campo todo foi moi ben e non se pode pedir máis". Sen dúbida ningunha, este título foi a gran base para a copa mundial gañada dous anos despois.

Esta sería a última participación como URSS nunha fase final dunha Eurocopa, ata 1988, tres anos antes da disolución do pano de aceiro.

A decadencia da URSS neste torneo non foi a única, posto que España quedou eliminada e non puido pasar a cuartos de final. A URSS sacou dous puntos máis ca ela no seu grupo de clasificación. Nos partidos claves España fallou, porque contra a URSS na casa, empataron a 0. E en Rusia, no partido definitivo, perderon 2-1. O sono español de poder conquistar de novo o título esfumouse co que, ata o momento, fora o seu gran rival no torneo.

BENJAMIN NOGUEIRA

ALEJANDRO ALEKHINE 1892-1946.

Nace no seo dunha atesourada familia rusa. A fortuna familiar permitiulle dedicar ao xadrez moitas horas. Cara a 1921 xa estaba fóra da URSS e converteuse en xadrecista profesional. En 1929 doutorouse en dereito pero nunca exerceu a carreira.

Alekhine e Capablanca en 1927, posando xunto ao árbitro xusto antes de empezar unha final que se alongaría o inimaxinable e remataría converténdoos en inimigos viscerais.

Dedicou os seus esforzos durante anos á tarefa de derrotar a Capablanca. Unha vez venceu a Capablanca, a actitude de Alekhine cara a este cambiou radicalmente e eludiu o "match" de desquite recorrendo a todo tipo de artimañas.

De 1927 a 1934 o seu xogo chegou ao cume da súa potencia. Comezou a beber sen taxa e empezou a manifestar algúns síntomas de megalomanía.

Durante a segunda guerra mundial, Alekhine fíxose colaboracionista nazi. Redactou unha serie de artigos dentro do espírito "ario" nos que demostraba que os xudeus non podían xogar ao xadrez. Como era de esperar viuse boicoteado despois da guerra por varios dos seus colegas que eran xudeus.

Pouco antes do "match" con Botvinnik, que se celebraría en Londres, faleceu en Lisboa dun ataque cardíaco. As relacións de Alakhine coas mulleres foron tumultuosas. Casou cinco veces. Rumoreábase que quedou impotente a idade temperá. Coa última esposa manifestouse abertamente sádico.

Alekhine xusto antes de comezar partidas simultaneas xunto ao zaragozano Rey Ardid.1935.

Nos seus últimos anos manifestou outras excentricidades. Unha vez presentouse a facer unha exhibición tan borracho que empezou a mexarse no piso tendo que interromperse a partida. Pouco antes dunha partida no "match" de 1935 contra Ewe o encontraron tendido nun campo completamente ebrio.

Alekhine adoraba o xadrez. Xogaba moi a miúdo e cando non o facía estudaba. De novo recoñécese aquí un vigoroso compoñente fálico-narcisista.

O estilo de xogo de Alekhine determínase doadamente, era o grande expoñente do ataque por sorpresa. Gustáballe pensar de si mesmo que era o máis importante xogador de ataque da historia do xadrez.

Este espírito de acometividade representaba para el unha sublimación dos impulsos sádicos cara ao seu pai.

ALBERTO LAGO

A VOZ DE LENDA RECOMENDA:



"Comen merda, cagan diamantes!"
"O TAOÍSMO é unha arte solitaria"

"Segundo a socio bioloxía os xenes len a Adan Smith"
MANOLO TOMÉ BEN

A VOZ DE LENDA RECOMENDA:

Moliere
Librería Papelería

Rúa Pai Crespo, 1 - Telf./ Fax: 986 40 47 54
36800 Redondela (Pontevedra)
e-mail: libreria.moliere@hotmail.com

O Café da Vila

TEJO | Calle Pai Sarmiento, 2 - Teléfono 986 402 254
36800 REDONDELA / TALLERES PROPIOS

DISTRIBUIDORES OFICIALES DE RELOJES:
CITIZEN CASIO RACER GUESS VAGARY LORENZ
LORUS FOSSIL NOWLEY RADIANT

ADMITIMOS TARJETAS DE CREDITO
TARJETA PUNTO ORO Y TARJETA COMERCIO: PAGUE HASTA 12 MESES SIN INTERESES

1875
GARINA

RÚA TELMO BERNARDEZ,13 - TEL. 986 40 11 56
REDONDELA

pitusa things
Plaza Constitución F. Bajo
Redondela - Pontevedra
986134370 ♥ 605207117
pitusathings@hotmail.com



exclusivas Ucha

Rúa de Santa Mariña, 22
Telf.: 986 403 579
36800 - REDONDELA

Asociación de familiares e enferm@s mentais
Lenda
DECLARADA DE UTILIDADE PÚBLICA
FEAFES GALICIA
Reveriano Soutullo, 57
36800 REDONDELA
Tfno.: 986 40 42 00
E-mail: lenda01@terra.es
asoclenda@gmail.com

A VOZ DE Lenda

MARZO 1999 Nº 0